

ESTUDIO DE IMPACTO AMBIENTAL

Proxecto de Ordenación Forestal do MVMC de Montouto (Quiroga -Lugo)

PROMOTOR: M.V.M.C. DE MONTOUTO



AUTORAS:

Ana López

Enxeñeira de Montes Colexiada nº 4.689

María de Carmen González Feijóo

Enxeñería Técnica Forestal, colexiada nº 1.263, polo COETFG

Febreiro 2021

ÍNDICE XERAL

ESTUDIO DE IMPACTO AMBIENTAL

MEMORIA

PLANOS

ESTUDIO DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PASIAXISTCA

MEMORIA

MEMORIA

ÍNDICE MEMORIA

1. Introducción	11
1.1. Antecedentes	11
1.2. Obxecto do estudo	12
1.3. Esquema metodolóxico	12
1.4. Definición das Figuras básicas	13
2. Descrición xeral do proxecto	14
2.1. Introducción	14
2.2. Situación administrativa e localización	15
2.3. Pertenza	15
2.4. Superficies afectadas polas actuacións	16
2.5. Actuacións a realizar durante o próximo plan especial	17
3. Principais alternativas estudadas	19
3.1. Análise de alternativas	19
3.1.1. Alternativa 0. Situación actual	20
3.1.2. Alternativa 1: Reforestación de 61,49 ha con masas de piñeiro silvestre e frondosas caducifolias.	21
3.1.3. Alternativa 2. Reforestación de 91,40 ha con masas de puras de coníferas.	21
3.1.4. Alternativa 3. Usos tradicionais	22
3.2. Selección da alternativa proposta	22
4. Inventario Ambiental	24
4.1. MEDIO FÍSICO	24
4.1.1. Clima	24
4.1.1.1. Características termométricas	25
4.1.1.2. Réxime de xeadas	25
4.1.1.3. Características pluviométricas	26
4.1.1.4. Características ombrométricas	26
4.1.1.5. Clasificación climática	27
4.1.2. Vento	27
4.1.3. Orografía e configuración do terreo	27
4.1.4. Edafoloxía	30
4.2. Medio biótico	31
4.2.1. Vexetación	31
4.2.2. Fauna	31

4.2.3.	Espazos naturais	36
4.3.	Medio perceptual e cultural	39
4.3.1.	Medio cultural.....	39
4.4.	Medio Socioeconómico	41
4.4.1.	Análise demográfica	41
4.4.1.1.	Evolución da poboación	41
4.4.1.2.	Estrutura demográfica.....	43
4.4.1.3.	Dinámica demográfica	44
4.4.1.4.	Ocupación da poboación.....	45
4.4.2.	Análise económica.....	45
5.	Identificación, cuantificación e valoración de impactos.....	47
5.1.	Metodoloxía	47
5.2.	Accións susceptibles de producir impacto.....	47
5.2.1.	Fase de execución	49
5.2.2.	Fase de explotación	50
5.3.	Factores do medio susceptibles de producir impacto	50
5.4.	Identificación dos impactos.....	53
5.5.	Valoración cualitativa dos impactos derivados das accións do proxecto	56
5.5.1.	Descrición dos impactos sobre os factores do medio	62
5.5.1.1.	Sobre a xeoloxía.....	62
5.5.1.2.	Sobre a hidroloxía	62
5.5.1.3.	Sobre a edafoloxía	63
5.5.1.4.	Sobre a flora	63
5.5.1.5.	Sobre a fauna.....	64
5.5.1.6.	Sobre a paisaxe.....	65
5.5.1.7.	Sobre a socioeconomía.....	65
5.5.1.8.	Sobre o patrimonio cultural	66
5.5.1.9.	Sobre a saúde humana	66
5.5.1.10.	Sobre o aire.....	67
5.5.1.11.	Sobre o cambio climático	67
5.5.1.12.	Efectos derivados da vulnerabilidade	67
6.	Medidas preventivas e correctivas	68
6.1.	Medidas preventivas en fase de execución	69
6.1.1.	Medidas preventivas sobre a edafoloxía	69
6.1.2.	Medidas preventivas sobre a hidroloxía	70
6.1.3.	Medidas preventivas sobre a flora	70
6.1.4.	Medidas preventivas sobre a fauna.....	71
6.1.5.	Medidas preventivas sobre a paisaxe	73
6.1.6.	Medidas preventivas sobre a socioeconomía.....	74
6.1.7.	Medidas preventivas sobre o patrimonio	74

6.1.8.	Medidas preventivas sobre a saúde	74
6.1.9.	Medidas preventivas sobre o aire	75
6.2.	Medidas preventivas en fase de explotación.	76
7.	Programa de Vixilancia Ambiental	76
8.	Documento de síntese	80
8.1.	Introdución	80
8.2.	Obxectivos do proxecto	80
8.3.	Situación administrativa e localización	81
8.4.	Pertenza	81
8.5.	Superficie do monte	81
8.6.	Alternativas propostas.....	81
8.7.	Alternativa seleccionada	82
8.8.	Inventario ambiental.....	82
8.8.1.	Clima.....	82
8.8.2.	Orografía	83
8.8.3.	Fauna.....	83
8.8.4.	Espazos naturais	83
8.8.5.	Medio cultural.....	84
8.8.6.	Análise demográfica	84
8.9.	Identificación e valoración de impactos	84
8.10.	Medidas preventivas	85

ÍNDICE DE TÁBOAS

Táboa 1.	Localización do proxecto.....	15
Táboa 2.	Datos pluviométricos (mm) e térmicos (°C) da zona de actuación.	24
Táboa 3.	Especies de fauna presentes.	36
Táboa 4.	Hábitats do Anexo I da Directiva 92/43/CEE.	37
Táboa 5.	Unidades Ambientais teselas e hábitats presentes.	38
Táboa 6.	Bens etnográficos e arquitectónicos dentro do monte e no entorno.	40
Táboa 7.	Poboación por grupos de idade e sexo no concello de Quiroga.	44
Táboa 8.	Número afiliacións en alta laboral por sectores.....	46
Táboa 9.	Empresas por estrato de asalariados.....	46
Táboa 10.	Número de empresas por sectores de actividade.....	46
Táboa 11.	Matriz de identificación de impactos.....	54
Táboa 12.	Matriz de valoración de impactos (negativo, positivo)	55

Táboa 13. Resumo do cálculo da importancia do impacto.	59
Táboa 14. Valoración cualitativa de impactos.	60
Táboa 15. Matriz de valoración cualitativa.....	61
Táboa 16. Programa de Vixilancia Ambiental.	79

ÍNDICE DE IMAXES

Imaxe 1. Altitude monte. Elaboración propia.....	28
Imaxe 2. Pendente do monte. Elaboración propia.	29
Imaxe 3. Orientación do monte. Elaboración propia.....	30
Imaxe 4. Habitantes por parroquia no concello de Quiroga. Elaboración propia.	43

ÍNDICE DE GRÁFICAS

Gráfica 1. Evolución da poboación. Elaboración propia.....	42
Gráfica 2. Pirámide de idades no concello de Quiroga. Elaboración propia.....	44

1. Introducción

1.1. Antecedentes

O presente estudio de impacto ambiental elabore con motivo da realización do proxecto de ordenación do Monte Veciñal en Man Común de Montouto (MVMC), o cal se redacta en virtude da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, no seu artigo 77.5. “Os montes veciñais en man común cunha superficie superior das 25 hectáreas deberán dotarse dun proxecto de ordenación” e atendendo ó disposto no Decreto 42/2014, do 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e xestión de montes de Galicia.

A maior parte do predio está catalogada como Zona de Especial Conservación Ancares-Courel da Rede Natura 2000, zonificado como “Zona 2 area Área de Conservación

Para acadar os obxectivos que se propón coa ordenación do MVMC de Vilarmel, planifícanse unha serie de actuacións no plan especial, organizadas no espazo e no tempo, cunha vixencia de 10 anos, dende o 2021 ata o 2031.

A necesidade de realizar o presente estudo de impacto ambiental débese á inclusión, no plan especial, de forestacións dunha superficie total acumulada superior a 10 hectáreas. O cal entra no suposto dunha avaliación de impacto ambiental ordinaria, segundo o establecido no artigo 7.1. (apartados a) e no anexo I (grupo 9.a 2ª) da LEI 21/2013.

“ a) Los siguientes proyectos cuando se desarrollen en Espacios Naturales Protegidos, Red Natura 2000 y Áreas protegidas por instrumentos internacionales, según la regulación de la Ley 42/2007, de 13 de diciembre, del Patrimonio Natural y de la Biodiversidad:

2.º *Proyectos para destinar áreas incultas o áreas seminaturales a la explotación agrícola o aprovechamiento forestal maderero que impliquen la ocupación de una superficie mayor de 10 ha*".

1.2. Obxecto do estudo

"A avaliación de impacto ambiental pódese definir como a identificación e valoración dos impactos (efectos) potenciais de proxectos, plans, programas ou accións normativas relativas ós compoñentes físico-químicos, bióticos, culturais e socioeconómicos do entorno" (Carter, L.W.,2003)

O obxectivo principal do presente estudo é analizar o estado actual da zona de influencia na que está previsto desenvolver o proxecto no seu contexto ambiental, determinar os factores do medio susceptibles de verse afectados; identificación, predición e valoración dos posibles efectos ambientais que puidera causar a actuación sobre o medio receptor; así como propostas de medida para que o proxecto teña un carácter sostible e resulte compatible coa conservación dos valores presentes e incluso poida melloralos.

1.3. Esquema metodolóxico

O EIA basease fundamentalmente nos seguintes puntos:

- Análises de alternativas tecnicamente viables e xustificación da solución adoptada.
- Descrición do proxecto e as súas accións.
- Inventario ambiental e descrición das iteracións ecolóxicas ou ambientais claves.
- Identificación e valoración de impactos ambientais, tanto na solución proposta como nas súas alternativas.
- Establecemento de medidas correctores e protectoras.

- Programa de Vixilancia Ambiental
- Documentos de Sínteses

1.4. Definición das Figuras básicas

A definición das figuras básicas do presente documento de EIA son as seguintes.

Promotor do proxecto: Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Vilarmel.

Denominación do proxecto: Proxecto de ordenación forestal de Montouto

Redacción do proxecto:

- Dona Ana López Álvarez, colexiada nº4.689 do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Montes.
- Dona María del Carmen González Feijóo, colexiada nº1263 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia.

Redación do Estudio de Impacto Ambiental: Reforestación de **61,49** ha programadas no Proxecto de Ordenación Forestal do M.V.M.C. de Vilarmel (Quiroga – Lugo).

2. Descrición xeral do proxecto

2.1. Introducción

Os obxectivos do proxecto de ordenación forestal inspira nos seguintes principios:

- O aproveitamento e a rendibilidade económica mediante a produción de madeira como recurso natural renovable e a obtención global, mediante valorización, dos seus recursos e servizos dentro das directrices de xestión forestal sustentable.
- O desenvolvemento da potencialidade multifuncional dos montes e os seus valores económicos, sociais e ambientais.
- A conservación, o aumento e mellora dos recursos forestais, a calidade paisaxística e o mantemento da biodiversidade.
- O desenvolvemento rural mediante a xeración de rendas, a fixación da poboación e a creación de emprego na comunidade.
- A loita contra os incendios forestais a través dun aproveitamento sostible dos recursos forestais e a creación de infraestruturas e actuacións necesarias par a súa prevención. En cumprimento da *Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais en Galicia*.

Os obxectivos establecidos no proxecto son de **PRODUCCIÓN – PROTECCIÓN**, sen prexuízo do establecemento sobre determinadas unidades dasocráticas de obxectivos diferentes dos indicados. De xeito detallado os usos e actividades a promover polo proxecto serán os seguintes:

Uso produtor de madeira:

É o uso de maior importancia no monte, existindo na actualidade 40,93 ha arboradas formadas por masas puras de *Pinus pinaster*, *Pinus sylvestris* e *Prunus*

avium. A superficie arborada pretende aumentarse en 61,5 ha, gradualmente, durante o próximo plan especial; 42,86 ha de pino silvestre, 3,51 ha de castiñeiro e 15,10 ha de cerdeira.

Uso protector:

Este uso, inda que é secundario, abrangue gran parte da superficie do monte, unhas 865,90 ha, constituído polas zonas de maior pendente, formadas por matogueiras representativas do hábitat 4030, ademais das masas de frondosas autóctonas caducifolias asociadas aos cursos fluviais.

Uso cinxético:

É un uso secundario, que abrangue unha superficie de 184,17 ha. O Monte Veciñal en Man Común de Montouto está integrado no TECOR SOCIETARIO “Quiroga-Eiras”.

2.2. Situación administrativa e localización

A localización do proxecto detállase na seguinte táboa.

LUGAR	Vilarmel
PARROQUIA	Vilarmel
MUNICIPIO	Quiroga
DISTRITO	Distrito Forestal VIII. Terra de Lemos- SARRIA
PROVINCIA	LUGO

Táboa 1. Localización do proxecto

2.3. Pertenza

O MVMC “Montouto” é propiedade en man común dos veciños do lugar de Vilarmel, integrados na Comunidade de Monte Veciñal en Man Común (CMVMC) de Vilarmel, como acredita a Resolución do Xurado de Montes en sesión celebrada o 14 de Decembro de 1976.

2.4. Superficies afectadas polas actuacións

A superficie ordenada é de 1.525 ha, das que 30 ha, están actualmente formadas por masas arboradas procedentes de repoboación e 45 ha formadas por frondosas caducifolias. No próximo plan especial preténdese repoboar unha superficie de **61,49 ha**, das que 13,35 ha forman parte da Rede Natura, concretamente o cuartel 002. Das 13,35 ha que se pretenden repoboar, en Rede Natura, 9,83 ha son de *Pinus sylvestris* e as 3,51 ha restantes, *Castanea x hybrida*.

A continuación descríbense os cuarteis nos que se divide o monte, así como as actuacións en cada un deles:

Cuartel 001: a función principal deste cuartel é a **protectora**, está ocupado na súa maior parte por matogueiras e afloramentos rochosos, unhas 820 ha, e tamén por masas de ribeira nas proximidades dos regatos, unhas 45 ha, formadas fundamentalmente por *Castanea sativa* e *Alnus glutinosa*. Este cuartel alberga as zonas de maior pendente, así como as masas asociadas ós ríos Soldón, Vilarmel e outros pequenos regatos que atravesan o monte.

Neste cuartel, que representa o 53% da superficie de ordenación, non se realizará ningunha actuación no próximo plan especial.

Cuartel 002: a función principal será a **producción de madeira de calidade** de *Pinus pinaster*, *Pinus sylvestris*, *Prunus avium* e *Castanea x hybrida* ademais da **conservación** das matogueiras dominadas por *Erica australis* e representativas do hábitat 4030, *Queirogais secos europeos*. Neste cuartel preténdese, neste plan especial, realizar actuacións de mellora (claras) nas masas existentes de piñeiro, en 32 ha, ademais de realizar novas plantacións con piñeiro silvestre (9,83 ha) e con castiñeiro (3,51 ha).

A superficie total do cuartel é de 429,84 ha, das que 32 ha están arboradas e as restantes 398 ha están actualmente a matogueira, se ben, propónse aumentar a superficie arborada en 13,35 ha.

Cuartel 003: a función principal será a **producción de madeira** de calidade de *Pinus pinaster*, *Pinus sylvestris* e *Prunus avium*. Neste cuartel preténdese, neste plan especial, realizar actuacións de roza nas masas existentes de piñeiro e cerdeira que suman 9 ha, ademais de realizar novas plantacións con piñeiro silvestre (33,03 ha) e con cerdeira (15,11 ha).

A superficie total do cuartel é de 184,17 ha, das que 9 ha están arboradas e as restantes 175 ha están actualmente a matogueira, se ben, propónse aumentar a superficie arborada en 48,14 ha, todas elas fóra da Rede Natura.

Cuartel 004. Este cuartel integra unha antiga explotación de lousa que ten unha superficie de 4,44 ha. Sobre este cuartel non se realizará ningunha actuación neste plan especial.

Cuartel 005. Este cuartel integra todas as Redes de Xestión de Biomasa, que suman en conxunto unhas 40,76 ha.

En resumo, do total das 1.525 ha que forman o monte, serán obxecto de repoboación 61,49 ha, que supoñen menos do 5% da superficie de ordenación. Das 91,6 ha que se pretenden repoboar, están en Rede Natura 13,35 ha. A maior parte da superficie do monte ten función protectora.

2.5. Actuacións a realizar durante o próximo plan especial

Ademais das actuacións de repoboación, realizaranse as seguintes actuacións:

- **Tratamentos silvícolas:** sobre as masas forestais existentes e as novas forestacións segundo *ORDE do 19 de maio de 2014 pola que se establecen os modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos e referentes de boas prácticas forestais para os distritos forestais de Galicia:*
 - o **Aproveitamentos madeireiros:** efectuaranse sobre as masas arboradas de *Pinus pinaster* e *Pinus sylvestris*, nas cales están

proxectadas a realización de cortas mellora con aproveitamento comercial.

- **Poda, rozas e tallas de formación:** teñen un dobre obxectivo por un lado a mellora da calidade da madeira, dando cumprimento ós modelos silvícolas, e por outro é unha medida preventiva contra os incendios forestais, pois rompe a continuidade vertical do combustible forestal.
- **Actuacións de mellora:** encamiñadas a mellorar o estado do monte e dar cumprimento a lexislación vixente, en materia de defensa e prevención de incendios e na xestión dos MVMC. No plan especial inclúense as seguintes actuacións:
 - **Creación de área devasa:** consiste na roza do mato, medida preventiva contra os incendios forestais, realizadas sobre unidades de inventario con mato, 4030. Queirogas secos europeos", que permitan romper a descontinuidade horizontal de combustible forestal.
 - **Establecemento Redes de Xestión de Biomasa (RXB):** rozas para a creación das RXB - terciarias - dando cumprimento a *Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.*
 - **Conservación de Infraestruturas:** actuacións encamiñadas a manter as infraestruturas do monte - pistas forestais, faixas auxiliares, áreas de devasas, puntos de auga – en boas condicións para o seu correcto servizo.
 - **Creación de punto de auga:** creación de dous puntos de auga para a protección dos valores naturais. A zona de actuación está clasificada segundo Orde. *do 18 de abril do 2007 pola que se zonifica o territorio con base no risco*

espacial de incendio forestal, como Zona de Alto Risco de incendios.

- o **Deslinde e amolloamento:** prográmase o deslinde tanto entre comunidades de montes como entre propietarios para dar solución legal os conflitos entre lindeiros de forma definitiva.

3. Principais alternativas estudadas

3.1. Análise de alternativas

No caso dun proxecto de ordenación, que en esencia trátase dun plan de xestión dos seus recursos naturais, o estudo de alternativas non debe afectar ao feito de realizar o propio proxecto, pois dotar ao monte dun proxecto de ordenación é unha obriga imposta pola lexislación vixente (Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia). Polo tanto, o estudo de alternativas debe circunscribirse á proposta de actuacións concretas e particulares a executar dentro do plan especial do proxecto.

Isto obriga a adiantar as seguintes cuestións e conclusións do presente estudo:

- 1. A actuación proposta dentro do plan especial que segundo a normativa vixente entra nos supostos de avaliación de impacto ambiental, neste caso ordinaria, é a **forestación**.
- 2. O resto de actuacións contempladas: tratamentos silvícolas (cortas, rozas, rareos e podas), mantemento de infraestruturas (rede viaria, devasas e faixas auxiliares), dadas as súas características e alcance, non precisan avaliación de impacto ambiental.
- 3. A priori, os obxectivos das forestacións son a mellora da calidade ecolóxica da cuberta vexetal, a mellora da protección física, e a mellora da capacidade produtiva do monte.

3.1.1. Alternativa 0. Situación actual

A alternativa 0, ou nula, correspóndese coa decisión de non realizar as forestacións propostas. Isto, aparentemente, reduce ás afeccións directas ao medio, pero implica conservar unha cuberta vexetal nun estado serial moi por debaixo do seu óptimo ecolóxico. De xeito que, a medio e longo prazo, as consecuencias medioambientais e sociais son negativas, e principalmente serían as seguintes:

- Mantemento da cuberta vexetal nun estado serial (matogueira) por debaixo do seu estado clímax. Isto impide a presenza de especies de flora e fauna propias do estado clímax, é dicir, empobrecemento da biodiversidade do monte.
- Mantemento dunha carga de combustible leñoso moi propicia á propagación de incendios forestais.
- Mantemento dun réxime hídrico por debaixo do seu óptimo potencial.
- Renuncia a medio e longo prazo a mellorar a capacidade produtiva do monte, coa conseguinte perda de rendas para a propiedade do monte, e o aumento do risco de abandono do medio rural.
- Esta situación pode levar ó monte a unha situación de abandono, coas implicacións legais que isto supón para a comunidade. A *Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en mano común*, describe no seu artigo 28 a situación de abandono, "Entenderase por monte veciñal en estado de grave abandono ou degradación aquel que, de modo manifesto, sufrise unha grave deterioración ecolóxica, non sexa explotado de acordo cos seus recursos ou sufra unha extracción abusiva deles".

3.1.2. Alternativa 1: Reforestación de 61,49 ha con masas de piñeiro silvestre e frondosas caducifolias.

No devandito plan, a elección das unidades de actuación de reforestación e a prioridade na súa execución estableceuse en función dunha serie de características tales como: estado actual da cuberta vexetal, pendente, pedregosidade, calidade de estación, viabilidade técnica, compatibilidade con usos actuais, etc.

Atendendo ás limitacións naturais da estación, xunto coa súa finalidade produtora e á conservación dos valores naturais da zona de actuación, optouse polas seguintes especies:

- *Pinus sylvestris*: a repoboación con esta especie afectaría a unha superficie de 9,83 ha en zona de Rede Natura e 33,03 ha fóra desta.
- *Castanea x hybrida*: a repoboación suporía un total de 3,52 ha, todas elas dentro da Rede Natura.
- *Prunus avium*: a repoboación suporía un total de 15,11 ha, todas elas fóra da Rede Natura.

Esta alternativa ten prioridade polas especies de crecemento lento, dado que teñen un efecto paisaxístico máis atenuado no tempo, ademais de intercalar coníferas e frondosas.

3.1.3. Alternativa 2. Reforestación de 91,40 ha con masas de puras de coníferas.

Ó igual que a alternativa anterior para a elección das unidades de actuación de forestación tívose en consideración unha serie de parámetros tales como: a calidade de estación, pendente, pedregosidade, estado actual da cuberta vexetal, etc.

Neste caso, dando preferencia ás coníferas, óptase polas seguintes especies:

- *Pinus sylvestris*: a repoboación con esta especie afectaría a unha superficie de 16,96 ha en zona de Rede Natura e 48,13 ha, fóra desta.
- *Pinus pinaster*: a repoboación suporía un total de 9,63 ha, todas elas dentro da Rede Natura e 16,88 ha fóra da mesma.

Esta alternativa ten prioridade polas especies de crecemento máis rápido, sen ter en conta o efecto paisaxístico e os efectos sobre a fauna.

3.1.4. Alternativa 3. Usos tradicionais

O uso tradicional destas zonas consistía en aproveitamentos de pastos forestais para a gandería, pero como consecuencia do progresivo abandono das zonas rurais dende mediados do século pasado na actualidade este retorno a un aproveitamento de pastos é inviable polos seguintes motivos:

- 1. Non hai unha cabana gandeira na comunidade que requira desta superficie.
- 2. Non hai nas proximidades do lugar explotacións de gandería extensiva interesadas en arrendar esta superficie.
- 3. Non se levarían a cabo as consignas do promotor.
- 4. O envellecemento da poboación, coa conseguinte falta de relevo xeracional nas zonas rurais, imposibilita nos próximos anos o retorno ós usos gandeiros tradicionais dos montes veciñais en man común.

3.2. Selección da alternativa proposta

As razóns polo que se descartaron as alternativas 0, 2 e 3 son as seguintes:

- A selección da alternativa 3 é inviable de levar a cabo polo situación actual da comunidade, falta de cabana gandeira.

- Coa selección da alternativa 0, a entidade propietaria non vería satisfeita a súa necesidade de poñer en valor os terreos da súa explotación, principal motivación do proxecto avaliado, o que implicaría deixar o monte nunha situación de manifesto abandono coas implicación legais que supón para a comunidade.
- A selección da alternativa 2, implicaría un maior impacto paisaxístico ao establecerse unicamente masas puras de coníferas.

Seleccionase a alternativa 1 como a máis idónea xa que xustifica as principais razóns da solución adoptada, tendo en conta os efectos ambientais, sociais e legais que atinxen á unha comunidade de montes. Estas razóns son as seguintes:

- Permite capitalizar e explotar o monte de acordo coa súa potencialidade, traducíndose nunhas rendas económicas para a comunidade, que lles permita acometer os gastos necesarios para a conservación dos valores naturais do monte e o cumprimento da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais.
- A implantación das masas forestais considérase un elemento clave na loita contra os efectos do cambio climático, tanto no seu papel de mitigación, ao seren consideradas reservorios a longo prazo de carbono, como de substitución, ao subministraren produtos renovables e alternativos aos combustibles fósiles.

4. Inventario Ambiental

4.1. MEDIO FÍSICO

4.1.1. Clima

Para caracterizar de xeito máis preciso o clima, vaise partir da estación meteorolóxica Estación de Conchada, municipio de Quiroga, situada a 600 metros de altitude, pois é a estación máis próxima ó monte que ademais subministra datos de precipitación e temperatura nun intervalo de tempo maior, e con bastante regularidade dentro do mesmo.

Seguindo as indicacións da bibliografía (CARBALLEIRA et al., 1983), faranse as correccións dos datos pluviométricos e de temperatura, para corrixir a variación altitudinal de 360 m entre a estación e a medio do monte. Na seguinte táboa móstranse os datos corrixido de temperatura e pluviometría.

Mes	Xan	Feb	Mar	Abr	Mai	Xuñ	Xull	Ago	Set	Oct	Nov	Dec	Total Anual
P	113,0	95,1	80,2	94,3	56,9	37,8	32,0	15,3	72,5	131,8	126,5	112,1	967,4
Mes	Xan	Feb	Mar	Abr	Mai	Xuñ	Xull	Ago	Set	Oct	Nov	Dec	Media Anual
t	3,6	5,0	7,4	7,5	11,6	15,6	18,0	17,9	15,9	10,8	7,0	4,8	10,4
T _M	13,2	16,0	20,1	22,1	25,3	31,0	33,1	32,6	31,6	23,1	18,4	13,9	23,3
T _m	-5,2	-4,2	-3,7	-2,5	1,1	3,0	5,4	5,4	4,1	0,6	-3,2	-4,4	-0,3
t _m	-0,4												
t _M	25,4												

Táboa 2. Datos pluviométricos (mm) e térmicos (°C) da zona de actuación.

Onde:

P: precipitación (mm)

t: temperatura media (°C)

T_m: temperatura media de las mínimas absolutas (°C)

T_M: temperatura media de las máximas absolutas (°C)

t_m : Temperatura media de mínimas del mes más frío (°C)

t_M : Temperatura media de máximas del mes más cálido (°C)

4.1.1.1. Características termométricas

A partir dos datos anteriores defínense as seguintes características termométricas:

- O período vexetativo (cando a temperatura media mensual é igual ou superior a 7,5 °C) ten unha duración de 9 meses, dende marzo ata novembro.
- As temperaturas medias mensuais oscilan entre os 3,6 °C de xaneiro e os 18,0 °C de agosto, o que supón unha amplitude térmica de 14,4 °C. A amplitude térmica extrema é de 25,4 °C.
- A máxima temperatura media das máximas absolutas alcanzase en xullo 33,1 °C e a mínima temperatura media das mínimas absolutas alcánzase no mes xaneiro -5,2 °C.

4.1.1.2. Réxime de xeadas

Para estudar o réxime de xeadas e clasificar o ano en diferentes períodos segundo a probabilidade de que se produzan, utilízase o método indirecto de Papadakis, é o seguinte:

Para a determinación das estacións empréganse as temperaturas medias de mínimas absolutas (t_{ma}). Considerarase que estas se producen o día primeiro do mes cando a marcha das temperaturas é ascendente, e o último día do mes cando diminúen, obtendo os seguintes resultados

- **Estación Media Libre de Xeadas** comeza o 20 de abril e remata o 31 de novembro.

- **Estación Disponible Libre de xeadas** comeza o 14 de maio e remata o 19 de outubro.
- **Estación Mínima Libre de Xeadas:** non hai período libre de xeadas mínimo, o cal implica un risco mínimo de xeadas durante todo o ano ó non superar os 7°C de temperatura media das mínimas absolutas.

4.1.1.3. Características pluviométricas

As precipitacións medias mensuais oscilan entre os 131,8 mm no mes de outubro e os 15,3 do mes agosto. A variación entre un e outro é de 116,5 mm. Sendo a precipitación anual de 967,4 mm.

A maior precipitación estacional prodúcese no outono con 330,8 mm, non existe unha concentración das precipitacións en dita estación, os restantes meses do ano reciben unha cantidade apreciable de precipitacións, sendo a mínima no verán con 85,1 mm.

O réxime pluviométrico é mediterráneo.

4.1.1.4. Características ombrométricas

Para a determinación do réxime ombrométrico recorreuse o Diagrama de Gausssen (GAUSSEN, 1945), resultando un período seco de dous meses, xullo e agosto, e un período subseco dende xuño a setembro.

A zona presenta, segundo os valores calculados no estudio climático, seca estival, pero non presenta aridez nin a nivel anual pero si nos meses de xullo e agosto.

Segundo o índice Termopluviométrico de Dantin-Revenga correspóndese cunha ZONA HÚMIDA.

4.1.1.5. Clasificación climática

A Clasificación climática segundo Papadakis é MEDITERRÁNEO TEMPLADO.

4.1.2. Vento

Para a análise do vento utilizáronse os datos da estación meteorolóxica do Courel (Folgozo do Courel), por ser a máis próxima ó monte con datos de vento.

A velocidade media anual é de 8,73 km/h, a velocidade media mensual máxima prodúcese no mes de marzo, 10,3 km/h, e a mínima no mes de setembro 7,96 km/h.

Da observación das velocidades medias, dedúcese que o vento non supón perigo algún para a vexetación arbórea, que é a partir dos 24 km./h cando se empezan a producir danos en cultivos delicados.


O refacho máximo, 109,73 km/h, prodúcese no mes de decembro.

A dirección predominante dos ventos é SUR.

4.1.3. Orografía e configuración do terreo


O monte está formado polas lombas e ladeiras que baixan ata o lugar de Vilarmel dende as divisorias de auga circundantes, orixinando a conca primaria do río Vilarmel; comprende ademais unha zona ó este, limitando coa provincia de Ourense que é a conca primaria do Regato de Covas que corre cara Cereixido; polo noroeste comprende outra valgada que recolle augas directamente para o río Soldón.

A altitude do monte está comprendida entre os 416 e os 1.526 metros




Imaxe 1. Altitude monte. Elaboración propia.

O predio presenta una fisiografía moi accidentada, con pendentes moi elevadas, chegando a superar o 60% en moitas zonas. Dentro do espazo da Rede Natura, aquelas superficies obxecto de forestación, teñen pendentes inferiores ó 50%, en cumprimento coas directrices do Plan director da Rede Natura 2000. Aquelas zonas de maior pendente formarán un cuartel protector.



Imaxe 2. Pendente do monte. Elaboración propia.

A orientación predominante no monte é a sur, localizándose a maior parte da superficie de forestación na orientación Norte e Oeste.



Imaxe 3. Orientación do monte. Elaboración propia.

4.1.4. Edafoloxía

Segundo o Mapa Xeolóxico de España a escala 1:50.000 (número de follas 190-Oencia e 157- O Barco) o material xeolóxico que dará lugar os solos do montes son " Cuarcitas, pizarras, areniscas," e "Esquistos azulados, cuarzo moscotiva".

Os solos formados sobre estes materiais teñen unha textura fina, son impermeables, o seu contido en base e medio e pH baixo debido o intenso lavado que sofren neste clima.

A profundidade do solo non e moi elevada, sendo moi variable dada a gran superficie que abarca o monte. Pódense diferenciarse dúas zonas: unha ó norte do río Vilarmel, é a zona máis abrupta do monte con fortes pendentes, na cal a profundidade do solo é moi escasa ou mesmo nula o ter grandes afloramentos rochosos (ver plano de limitacións....); e o resto do monte cunha profundidade maior que pode alcanzar os 60 cm nas zonas de menor altitude.

4.2. Medio biótico

O estudo do medio biótico ten como obxectivo básico, a exposición das características máis relevantes do medio natural vivo, realizándose un estudo específico para cada un dos factores considerados relevantes ó respecto.

- Vexetación
- Fauna
- Espazos naturais

4.2.1. Vexetación

A vexetación dominante é o queirogal formada fundamentalmente pola especie *Erica australis*, representativa do hábitat 4030 do anexo I da Directiva 92/43/CEE.

4.2.2. Fauna

Para a caracterización da fauna fívese en conta o Inventario Español de Especies Terrestres do Ministerio para la Transición Ecológica (MITECO), que divide o territorio español en cuadrículas de 10x10 km. A zona obxecto do Estudo pertence á cuadrícula "**29TPH50**". Ademais engádese información sobre a súa inclusión e grao de protección para cada unha das especies, en relación coas seguintes normativas:

RD 139/2011: Real Decreto 139/2011, de 4 de febreiro, para o desenvolvemento do Listado de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial e do Catálogo Español de Especies Ameazadas.

Directiva Aves: Directiva 2009/147/CE do parlamento europeo e do consello do 30 de novembro de 2009 relativa á conservación das aves silvestres.

Directiva Hábitats: Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.

Directiva 97/62/CEE do Consello, do 27 de outubro de 1997, pola que se adapta ó progreso científico e técnico á Directiva 92/43/CEE, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.

D 167/2011: Decreto 167/2011, do 4 de agosto, polo que se modifica o Decreto 88/2007, do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas e se actualiza dito catálogo.

As especies faunísticas que poden ser máis vulnerables á execución das accións contempladas no proxecto de ordenación, son as seguintes:

Circus pygargus: Esta especie prefere as extensas zonas de cereal, onde aniña no solo. As repoboacións propostas realizaranse en zonas nas que é pouco probable a presenza de niños, debido á vexetación existente.

Discoglossus galganoi: asociado a zonas abertas con abundante vexetación herbácea. As actuacións realizaranse en zonas nas que predomina a vexetación de matogueira polo que non se prevé efectos sobre dita especie.

Salamandra salamandra: asociada sobre todo a bosques caducifolios ou mixtos con regatos limpos e ben sombreados. Non se actuará nas proximidades dos ríos Soldón e Vilarmiel, que son hábitats propicios para dita especie.

Aquila chrysaetos: Verificarase antes da execución das obras de repoboación que non haxa niños de agüa nas proximidades.

Ursus arctos: Se ben está presente na cuadrícula do Inventario Español de Especies Terrestres do Ministerio para la Transición Ecológica, atópase fóra da zona cartografada que contempla o Proxecto de Decreto polo que se revisa o plan de recuperación do oso pardo en Galicia.

Emys orbicularis: Non está presente na zona segundo o Inventario Español de Especies Terrestres (segundo o MITECO). Respecto do Decreto 70/2013, do 25 de abril, polo que se aproba o Plan de recuperación do sapoconcho común (*Emys*

orbicularis L.) en Galicia; a zona obxecto do proxecto, atópase dentro da **área de distribución potencial** do sapoconcho común, o que indica que esta zona reúne as características naturais e estado de conservación para ser hábitat da especie. As actuacións propostas no proxecto realizaranse en zonas fóra do hábitat preferido pola especie (augas estancadas ou de leve corrente).

Segundo o "*Plan de recuperación do galápagos europeo en Galicia*", o hábitat típico para esta especie está constituído por lagoas, charcas, brañas e outras zonas húmidas con abundante vexetación, inda que ocasionalmente encóntranse en arrosos e algúns ríos, a condición de que a corrente non sexa demasiado rápida.

Os lugares de posta están próximos ás masas de auga, entre 1,5 e 200 m, buscando sustrato areoso, especialmente en zonas con cobertura vexetal escasa, gran insolación e orientadas o sur.

O mantemento, ou incluso o incremento, das superficies dos humidais, constitúen o principal factor limitante de cara o futuro desta especie.

As zonas obxecto de actuación, non son o hábitat típico desta especie, se ben na realización das actuacións, vixiarase a calidade das augas dos ríos máis próximos como son o *regueiro de val da cova* e dous regatos sen nome, tributarios do mesmo.

De acordo co Decreto 297/2008, do 30 de decembro, polo que se aproba o Plan de xestión do lobo en Galicia, a zona obxecto do proxecto atópase na zona 2, na que é posible solicitar controis poboacións, que deben ser debidamente autorizados.

GRUPO FAUNÍSTICO	NOME CIENTÍFICO	NOME COMÚN	Directiva Hábitats 92/43/CEE modificada pola Directiva 97/62/CE	Directiva Aves 2009/147/CE	Real Decreto 139/2011, CNEA	Decreto 88/2007 CGEA modificado polo Decreto 167/2011
ANFIBIOS	<i>Lissotriton boscai</i>	Pintafontes común	NON	NON	De protecc. Especial	-
	<i>Alytes obstetricans</i>	Sapo común	ANEXO IV	NON	De protecc. Especial -	-
	c	Sapo raxado	ANEXO II	NON	De protecc. Especial	Vulnerable
	<i>Bufo calamita</i>	Sapo corriqueiro	ANEXO IV	NON	De protecc. Especial	-
	<i>Salamandra salamandra</i>	Píntega común	NON	NON	-	Vulnerable

GRUPO FAUNÍSTICO	NOME CIENTÍFICO	NOME COMÚN	Directiva Hábitats 92/43/CEE modificada pola Directiva 97/62/CE	Directiva Aves 2009/147/CE	Real Decreto 139/2011, CNEA	Decreto 88/2007 CGEA modificado polo Decreto 167/2011
	Triturus marmoratus	Píntega verde	ANEXO IV	NON	De protecc. Especial	-
AVES	Carduelis cannabina	Liñaceiro común	NON	NON	De protecc. Especial	-
	Circus pygargus	Tartaraña cincenta	NON	ANEXO I	Vulnerable	Vulnerable
	Hippolais polyglotta	Folosa amarela	NON	NON	De protecc. Especial	-
	Motacilla alba	Lavandeira branca	NON	NON	De protecc. Especial	-
	Columba palumbus	Pombo torcaz	NON	ANEXO I	-	-
	Sylvia undata	Papuxa do mato	NON	ANEXO I	De protecc. Especial	-
	Sturnus unicolor	Estorniño negro	NON	NON	-	-
	Regulus ignicapilla	Estrelleña riscada	NON	NON	-	-
	Turdus philomelos	Tordo común	NON	ANEXO II/B	-	-
	Parus caeruleus	Ferreiriño común	NON	NON	-	-
	Parus major	Ferreiriño abelleiro	NON	NON	De protecc. Especial	-
	Delichon urbicum	Avión común	NON	NON	-	-
	Sitta europaea	Gabeador azul	NON	NON	De protecc. Especial	-
	Streptopelia turtur	Rula común	NON	ANEXO II/B	-	-
	Serinus serinus	Xiriñ común	NON	NON	-	-
	Emberiza cirius	Escrimenta común	NON	NON	De protecc. Especial	-
	Buteo buteo	Miñato común	NON	NON	De protecc. Especial	-
	Turdus viscivorus	Tordo grande	NON	ANEXO II/B	-	-
	Prunella modularis	Azulenta común	NON	NON	De protecc. Especial	-
	Falco tinnunculus	Lagarteiro	NON	NON	De protecc. Especial	-
	Alectoris rufa	Perdíz común	NON	ANEXO III/A	-	-
	Columba livia/domestica	Pomba das rochas	NON	ANEXO II/A	-	-
	Garrulus glandarius	Gaio	NON	ANEXO II/B	-	-
	Emberiza cia	Escrimenta riscada	NON	NON	De protecc. Especial	-
	Sylvia communis	Papuxa común	NON	NON	De protecc. Especial	-
	Motacilla cinerea	Lavandeira real	NON	NON	De protecc. Especial	-
	Passer domesticus	Gorrión común	NON	NON	-	-
	Pyrrhula pyrrhula	Camachuelo común	NON	ANEXO I	De protecc. Especial	-
	Otus scops	Auílo europeo	NON	NON	De protecc. Especial	-
	Anthus trivialis	Bisbita arbóreo	NON	NON	-	-
	Dendrocopos major	Pico picapinos	NON	ANEXO I	De protecc. Especial	-
	Certhia brachydactyla	Agateador común	NON	ANEXO I	De protecc. Especial	-
Cuculus canorus	Cuco común	NON	NON	De protecc. Especial	-	
Parus cristatus	Ferreiriño capuchino	NON	NON	-	-	
Fringilla coelebs	Pinzón vulgar	NON	ANEXO I	De protecc. Especial	-	
Phoenicurus ochruros	Colirrojo tizón	NON	NON	De protecc. Especial	-	
Phylloscopus ibericus	Mosquiteiro ibérico	NON	NON	De protecc. Especial	-	

GRUPO FAUNÍSTICO	NOME CIENTÍFICO	NOME COMÚN	Directiva Hábitats 92/43/CEE modificada pola Directiva 97/62/CE	Directiva Aves 2009/147/CE	Real Decreto 139/2011, CNEA	Decreto 88/2007 CGEA modificado polo Decreto 167/2011
	Hirundo rustica	Golondrina común	NON	NON	De protecc. Especial	-
	Turdus merula	Merlo	NON	ANEXO II/B	-	-
	Sylvia atricapilla	Papuxa das amoras	NON	NON	-	-
	Saxicola torquatus	Chasco común	NON	NON	-	-
	Parus ater	Ferreiriño negro	NON	ANEXO I	De protecc. Especial	-
	Picus viridis	Peto verde	NON	NON	-	-
	Emberiza citrinella	Escribenta amarela	NON	NON	De protecc. Especial	-
	Aegithalos caudatus	Ferreiriño subelíno	NON	NON	De protecc. Especial	-
	Pernis apivorus	Miñato abelleiro	NON	ANEXO I	De protecc. Especial	-
	Erithacus rubecula	Paparroibo	NON	NON	De protecc. Especial	-
	Columba domestica	Pomba doméstica	NON	NON	-	-
	Caprimulgus europaeus	Avenoiteira cincenta	NON	ANEXO I	-	-
	Troglodytes troglodytes	Carrizo	NON	ANEXO I	De protecc. Especial	-
	Lanius collurio	Picanzo vermello	NON	ANEXO I	De protecc. Especial	-
	Muscicapa striata	Papamoscas cincenta	NON	NON	De protecc. Especial	-
	Alauda arvensis	Laverca	NON	ANEXO II/B	-	-
	Jynx torquilla	Peto formigueiro	NON	NON	-	-
	Circus gallicus	Aguía albela	NON	ANEXO I	-	-
	Apus apus	Cirrío común	NON	NON	De protecc. Especial	-
	Cinclus cinclus	Merlo acuático	NON	NON	De protecc. Especial	-
	Corvus corax	Corvo grande	NON	NON	-	-
	Aquila chrysaetos	Aguía real	NON	ANEXO I	De protecc. Especial	En perigo de extinción
	Phylloscopus collybita/ibericus	Mosquiteiro común	NON	NON	De protecc. Especial	-
	Corvus corone	Corvo pequeno	NON	ANEXO II/B	-	-
	Carduelis chloris	Verderolo común	NON	NON	-	-
	Carduelis carduelis	Xilgaro	NON	NON	-	-
	Strix aluco	Avelaiona	NON	NON	De protecc. Especial	-
INVERTEBRADOS	Hydraena brachymera	-	NON	NON	-	-
	Hydraena barrosi	-	NON	NON	-	-
	Hydraena testacea	-	NON	NON	-	-
	Hydraena hispanica	-	NON	NON	-	-
	Limnebius truncatellus	-	NON	NON	-	-
MAMÍFEROS	Ursus arctos	Oso pardo	*ANEXO II	NON	En perigo de extinción	En perigo de extinción
	Lutra lutra	Lontra	ANEXO II	NON	De protecc. Especial	-
	Canis lupus	Lobo	NON	NON	NON	-

GRUPO FAUNÍSTICO	NOME CIENTÍFICO	NOME COMÚN	Directiva Hábitats 92/43/CEE modificada pola Directiva 97/62/CE	Directiva Aves 2009/147/CE	Real Decreto 139/2011, CNEA	Decreto 88/2007 CGEA modificado polo Decreto 167/2011
PEIXES CONTINENTAIS	Salmo trutta	Troita	NON	NON	-	-
REPTÍLS	Podarcis hispanica	Lagarta dos penedos	ANEXO IV	NON	De protecc. Especial	-
	Psammotromus olgirus	Lagarta rabuda	NON	NON	De protecc. Especial	-
	Malpion monspessulanus	Cobra rateira	NON	NON	-	-
	Coronella gironica	Cobra lagarteira	NON	NON	De protecc. Especial	-
	Timon lepidus	Lagarto arnal	NON	NON	De protecc. Especial	-
	Podarcis bocagei	Lagarta galega	NON	NON	-	-
	Lacerta lepida	Lagarto ocelado	NON	NON	De protecc. Especial	Vulnerable
	Rhinechis scalaris	Cobra de escada	NON	NON	De protecc. Especial	Vulnerable

Táboa 3. Especies de fauna presentes.

4.2.3. Espazos naturais

A zona obxecto do Proxecto atópase dentro da Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (**ZEPVN**) denominada: **Os Ancares - O Courel**, declarada como tal no Decreto 72/2004, do 2 de abril, polo que declaran determinados Espazos como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais.

Tamén é **Zona de Especial Conservación (ZEC) Ancares – Courel (ES1120001)**, declarada o 31 de marzo de 2014 coa aprobación do Decreto 37/2014, polo que se declaran as zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.

Polo tanto, está dentro do ámbito de aplicación do Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia.

Os tipos de hábitat do Anexo I son seguintes:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN
3260	Ríos de pisos de planicie a montano con vegetación de Ranunculion fluitantis e de Callitriche-Batrachion
4020*	Queirogais húmidos atlánticos de zonas temperadas de Erica ciliaris e Erica tetralix
4030	Queirogais secos europeos

CÓDIGO	DENOMINACIÓN
4060	Queirogais alpinos boreais
4090	Queirogais oromediterráneos endémicos con toxos
6160	Prados ibéricos silíceos de Festuca indigesta
6170	Prados alpinos e subalpinos calcáreos
6210	Prados secos seminaturais e facies de matogueira sobre substratos calcáreos.
6220*	Zonas subestépicas de gramíneas e anuais de Thero-Brachypodietea
6230*	Formacións herbosas con Nardus, con numerosas especies, sobre substratos silíceos de zonas montañosas
6430	Megaforbios eutrofos hidrófilos das orlas da chaira e dos pisos montano a alpino
6510	Prados pobres de sega de baixa altitude (Alopecurus pratensis, Sanguisorba officinalis)
7110*	Turbeiras altas activas
7140	Mires de transición
8130	Desprendementos mediterráneos occidentais e termófilos
8210	Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica
8230	Rochedos silíceos con vexetación pioneiras do Sedo-Scleranthion ou do Sedo albi-Veronicion dillenii
9120	Faixas acidófilas atlánticas con sotobosque de Ilex e ás veces de Taxus (Quercion robori-petraea e ou Ilici-Fagenion
9160	Carballeiras pedunculadas ou albares subatlánticas e medioeuropeas do Carpinion betuli
91E0*	Bosques aluviais de Alnus glutinosa e Fraxinus excelsior
9230	Carballeiras galaico-portuguesas con Quercus robur e Quercus pyrenaica
9260	Soutos
9330	Sobreirais
9340	Acíñeirais
9380	Acevedos

Táboa 4. Hábitats do Anexo I da Directiva 92/43/CEE.

UA	TESELAS	Hábitat do ANEXO I da Directiva 92/43/CEE.	DENOMINACIÓN	TIPO	COB.	SUP. (ha)
220	33173 33410 33479 33519 33588 33591	3260	Ríos dos pisos basal a montano	P	5	1,66
		91E0*	Bosques aluviais de Alnus glutinosa e Fraxinus excelsior	V	1	
		6430	Megaforbios eutrofos hidrófilos das orlas de chairas	S	1	
260	35391 35407	6430	Megaforbios eutrofos hidrófilos das orlas de chairas	V	1	1,15
		91E0*	Bosques aluviais de Alnus glutinosa e Fraxinus excelsior	P	5	
310	33934 33963 34010	8130	Desprendementos mediterráneos occidentais e termófilos	V	1	834,46
		4020*	Queirogais húmidos atlánticos de Erica ciliaris e Erica tetralix	S	1	
		8310	Covas non explotadas polo turismo	S	1	
		3260	Ríos dos pisos basal a montano	S	1	
		8220	Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica	V	1	
		4030	Queirogais secos europeos	P	5	
		8230	Rochedos silíceos con vexetación pioneira	V	1	
	6220*	Pseudoestepas de gramíneas e anuais da orde Thero-Brachypodietea	V	1		
	34479 34483 34569	4030	Queirogais secos europeos	P	5	6,93
	8130	Desprendementos mediterráneos occidentais e termófilos	V	1		

UA	TESELAS	Hábitat do ANEXO I da Directiva 92/43/CEE.	DENOMINACIÓN	TIPO	COB.	SUP. (ha)
		8220	Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica	V	1	
		8230	Rochedos silíceos con vexetación pioneira	V	1	
		6220*	Pseudoestepas de gramíneas e anuais da orde Thero-Brachypodietea	V	1	
320	37118 37122 37127 37129 37131 37132 37234 37339 37379 37493 37535	4030	Queirogais secos europeos	V	1	377,88
		3260	Ríos dos pisos basal a montano	S	1	
		6220*	Pseudoestepas de gramíneas e anuais da orde Thero-Brachypodietea	V	1	
		8230	Rochedos silíceos con vexetación pioneira	V	4	
		8310	Covas non explotadas polo turismo	V	1	
		8130	Desprendementos mediterráneos occidentais e termófilos	V	1	
		8220	Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica	V	3	
		420	35664 35665 35745 35904 35923 35940 35962 36048 36055 36085 36107 36142	9230	Carballeiras galaico-portuguesas con Quercus robur e Q. pyrenaica	
3260	Ríos dos pisos basal a montano			S	1	
6430	Megaforbios éutrofos higrófilos das orlas de chairas			S	1	
425	36538 36729	9260	Soutos	P	5	8,25
		3260	Ríos dos pisos basal a montano	S	1	
		6430	Megaforbios éutrofos higrófilos das orlas	S	1	
		4030	Queirogais secos europeos	S	1	
		6510	Prados de sega de baixa altitude	S	1	
540	37935 37949 38945 39300	4030	Queirogais secos europeos	S	1	2,78
		38726 38886 39018 39036	6520	Prados de sega de montaña	V	1
	4030		Queirogais secos europeos	S	1	
	6510		Prados de sega de baixa altitude	V	1	
	6410		Prados con Molinia	S	1	
	39211	6520	Prados de sega de montaña	V	1	6,25
		4030	Queirogais secos europeos	S	1	
		6510	Prados de sega de baixa altitude	V	1	
		6410	Prados con Molinia	S	1	
		6430	Megaforbios éutrofos higrófilos das orlas	S	1	

Táboa 5. Unidades Ambientais teselas e hábitats presentes.

A unidade ambiental que ocupa maior superficie no monte é a 310, cunhas 840 ha. Dentro da mesma o hábitat, do Anexo I da Directiva 92/43/CEE, máis representativo é o **4030 Queirogais secos europeos**, comunmente denominados queirogais, uceiras ou carpazais. Dito hábitat está dominado pola especie *Erica*

australis ademais de outras especies da familia Ericaceae como *Erica cinerea* e *Calluna vulgaris*. Tamén está conformado por especies da familia Fabaceae. (*Cytisus commutatus*, *C. multiflorus*, *C. striatus*, *Genista florida*, *Pterospartum tridentatum*)

Este tipo de hábitat foi obxecto de múltiples aproveitamentos, sendo o máis extendido a roza para o seu cultivo posterior, nas áreas de menor pendente. Durante os séculos XVI-IXI aproveitáronse masivamente as partes baixas das “uces”, sobre todo a *Erica australis*, para obter o carbón vexetal co que se abastecía a industria siderúrxica. No monte tamén se fixo un uso apícola importante como demostra o número de construcións para albergar colmeas (“albarizas”).

4.3. Medio perceptual e cultural

4.3.1. Medio cultural

No monte e zonas adxacentes, atópanse numerosos elementos do patrimonio, segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Quiroga, aprobado definitivamente, na orde do 8 de marzo de 2019 (DOG Núm. 57, Venres, 22 de marzo de 2019).

Na seguinte táboa, móstrase os bens etnográficos e arquitectónicos que están dentro do monte veciñal de Montouto e os que se atopan no lugar de Vilarmel.

TIPOLOXÍA	CÓDIGO IDENTIFICATIVO	NOME	Coordenadas ETRS89		DESCRIPCIÓN
			X	Y	
CONXUNTO ARQUITECTÓNICO	CX-10	Conxunto de Alvarizas preto de Rugando	Alv. 1: 652.408 Alv. 2: 652.435 Alv. 3: 652.465	Alv. 1: 4.705.930 Alv. 2: 4.705.917 Alv. 3: 4.705.918	Construcións a ceo aberto, formado por unhas muradelas que rodean e protexen un espazo de terreo natural onde se acollían numerosos trabos. O recinto amurado con mampostería de xisto tiña por función protexelas colmeas contra as inclemencias do tempo e depredación de animais, fundamentalmente osos. Atópanse orientadas ó nacente para ter o máximo soleamento, tendo no interior a inclinación do terreo natural. O conxunto presenta un regular mal estado de conservación, xa que ó estar en desuso no interior está todo cuberto de vexetación e, ademais hai zonas dos muros que se atopan derruídas.
BENS ETNOGRÁFICOS	AL-25	Alvariza Preto de Vilarmel	652.929	4.705.857	Construción a ceo aberto, con muros circulares de mampostería de xisto á vista, edificadas según a pendente do terreo, na súa parte alta ten grandes lousas saíntes caro o exterior. O recinto amurado con mampostería de xisto tiña por función protexelas comesas contra as inclemencias do tempo e depredación de animais, fundamentalmente de osos. Atópase orientada ao nacente para ter o máximo soleamento, tendo no interior a inclinación do terreo natural. Presenta un regular estado de conservación xa que a causa de atoparse en desuso, hai moita vexetación no seu interior e exterior.

TIPOLOXÍA	CÓDIGO IDENTIFICATIVO	NOME	Coordenadas ETRS89		DESCRIPCIÓN
			X	Y	
	AL-26	Alvariza Preto de Vilarmel 2	654.361	4.705.705	Construcción a ceo aberto, con muros circulares de mampostería de xisto á vista, edificados según a pendente do terreo, na súa parte alta ten grandes lousas saíntes caro o exterior. O recinto amurado con mampostería de xisto tiña por función protexelas comeas contra as inclemencias do tempo e deprecación de animais, fundamentalmente de osos. Atópase orientada ao nacente para ter o máximo soleamento, tendo no interior a inclinación do terreo natural. Presenta un regular estado de conservación aínda que ten alvares no seu interior pero están en desuso, hai vexetación no seu interior e exterior.
	AL-27	Alvariza Preto de Vilarmel 3	654.431	4.705.709	Construcción a ceo aberto, con muros circulares de mampostería de xisto á vista, edificados según a pendente do terreo, na súa parte alta ten grandes lousas saíntes caro o exterior. O recinto amurado con mampostería de xisto tiña por función protexelas comeas contra as inclemencias do tempo e deprecación de animais, fundamentalmente de osos. Atópase orientada ao nacente para ter o máximo soleamento, tendo no interior a inclinación do terreo natural. Presenta un regular estado de conservación xa está en desuso e hai vexetación no seu interior e exterior e faltan parte dos muros na zona sur.
	AL-28	Alvariza Preto de Vilarmel 4	654.701	4.705.762	Construcción a ceo aberto, con muros circulares de mampostería de xisto á vista, edificados según a pendente do terreo, na súa parte alta ten grandes lousas saíntes caro o exterior. O recinto amurado con mampostería de xisto tiña por función protexelas comeas contra as inclemencias do tempo e deprecación de animais, fundamentalmente de osos. Atópase orientada ao nacente para ter o máximo soleamento, tendo no interior a inclinación do terreo natural. Presenta un regular estado de conservación xa está en desuso e hai moita vexetación no seu interior e exterior.
	AL-29	Alvariza Preto de Vilarmel 5	654.741	4.705.775	Construcción a ceo aberto, con muros circulares de mampostería de xisto á vista, edificados según a pendente do terreo, na súa parte alta ten grandes lousas saíntes caro o exterior. O recinto amurado con mampostería de xisto tiña por función protexelas comeas contra as inclemencias do tempo e deprecación de animais, fundamentalmente de osos. Atópase orientada ao nacente para ter o máximo soleamento, tendo no interior a inclinación do terreo natural. Presenta bo estado de conservación e está en uso actualmente.
	AC-193	Antiga Casa Reitoral en Vilarmel	654.077	4.705.452	Edificación con dúas alturas e muros pesados de mampostería de xisto á vista en zonas e noutras revestidos e encalados. A cuberta é a catro augas formada con pizarra de lousa no exterior e apoiada en estrutura de madeira no interior. Os ocos son de carpintería de madeira e están distribuídos uniformemente polas fachadas da edificación aínda que son escasos na planta baixa, na planta alta temos ocos que dan saída a unha galería voada. Como elemento destacable temos a presenza dunha galería voada na segunda altura con estrutura de madeira situada nunha fachada da edificación susceptible de catalogación. Presenta un regular estado de conservación.
BENS ARQUITECTÓNICOS	AC-194	Casa de tres alturas e con Balcón en Vilarmel	654.170	4.705.426	Edificación de planta rectangular e tres alturas con muros pesados de mampostería á vista en zonas e noutras revestidos e encalados. A cuberta é a catro augas formada con pizarra de lousa no exterior e apoiada en estrutura de madeira no interior. Os ocos son de carpintería de madeira, algúns lacados en cor azul e están distribuídos uniformemente polas fachadas da edificación, na planta alta os ocos dan saída a un balcón voado. Como elemento destacable temos a presenza dun balcón voado na segunda altura con estrutura de madeira situado nunha fachada da edificación susceptible de catalogación. Presenta un regular estado de conservación.
	AC-195	Forno en Vilarmel	654.193	4.705.448	Forno anexo a unha edificación de planta semicircular e unha altura. Os muros están realizados en mampostería de xisto á vista. A cuberta é a unha auga de lousa e sobre estrutura de madeira. Os ocos son inexistentes menos o que ten para a entrada do mesmo. Trátase dunha construción de importante preservación en canto á morfoloxía e conformidade estrutural. Presenta un regular estado de conservación.
	AC-196	Antiga Casa Reitoral en Vilarmel	654.146	4.705.448	Edificación de planta rectangular con dúas alturas con muros pesados de mampostería de xisto á vista na parte baixa e revestidos e encalados na planta alta. A cuberta é a catro augas formada con pizarra de lousa no exterior e apoiada en estrutura de madeira no interior. Os ocos son de carpintería de madeira e están distribuídos uniformemente polas fachadas da edificación, na planta alta os ocos dan saída a un balcón. Como elemento destacable temos a presenza dun balcón voado na segunda altura con estrutura de madeira e apoiado en dúas columnas redondas de mampostería de xisto á vista, mentres que o balcón se atopa semicerrado con mampostería de xisto revestido e pintado, dito balcón atópase situado nunha fachada da edificación susceptible de catalogación. Presenta un regular estado de conservación.
	AC-196 A-54	Antiga Casa Reitoral en Vilarmel Igrexa Parroquial de San Lourenzo en Vilarmel	654.054	4.705.448	Edificación de nave rectangular construído no século XVII e con retablo maior, de estípetes e columnas salomónicas, do segundo tercio do século XVIII. Os muros son de mampostería de xisto á vista. A cuberta é a catro augas na capela, e no resto a dúas augas con lousa ao exterior sobre estrutura de madeira. Os ocos son escasos e de pequeno tamaño, de carpintería de madeira lacada. Consta dunha espadana con dous ocos onde se albergan as campás, rematada por tres pináculos. Dita edificación recóllese no Catálogo pola condición de arquitectura relixiosa, presentando un bo estado de conservación.

Táboa 6. Bens etnográficos e arquitectónicos dentro do monte e no entorno.

4.4. Medio Socioeconómico

4.4.1. Análise demográfica

4.4.1.1. Evolución da poboación


Actualmente o concello de Quiroga ten unha poboación de 3.257 habitantes, segundo os datos do Instituto Galego de Estatística para o ano 2018.

A evolución demográfica municipal nos últimos 100 anos mostra unha constante regresión, pasando dos 8.889 habitantes no ano 1900 aos 4.485 de 1998, o que representa un descenso do 50%, é dicir, o municipio, en todo este século reduciu á metade a súa poboación.

As causas do descenso da poboación son a combinación do fenómeno migratorio, a redución da taxa de natalidade, as difíciles condicións de vida no espazo montañoso e a escaseza de terras cultivables que non permitía o mantemento dun número importante de efectivos humanos. A interacción destes factores, frecuentes en varias zonas de Galicia, acentuouse neste municipio, e conseguiu despoboar aldeas enteiras.

A poboación municipal continúa en descenso, aínda que o auxe do turismo rural, a rehabilitación de aldeas, a preparación de accesos e mellora da explotación forestal están a abrir novos camiños.

Na seguinte gráfica pode observarse a evolución demográfica, no concello de Quiroga, nos últimos vinte anos. Dende o ano 1998 ó 2008, produciuse un descenso no número de habitantes do 14,11%, pasando dos 4.458 ós 3.894, respectivamente. Na última década a diminución no número de habitantes é similar, representando un 16,36%.



Gráfica 1. Evolución da poboación. Elaboración propia.


Este descenso non se produciu por igual en tódalas parroquias do municipio, sendo menos acusado na parroquia de Quiroga, onde representa o 5,94% nos últimos 20 anos. Noutras parroquias a situación é ben distinta, coma no caso da parroquia de Santa María de Bendilló que perdeu o 68,92% da poboación dende o ano 1998 ata a actualidade. Das 22 parroquias que ten o municipio, 11 perderon máis do 40% dos habitantes nas últimas dúas décadas. No caso de San Lourenzo de Vilarmel, o descenso no número de habitantes foi do 45%, dende o ano 1998 ao 2018.

A poboación está distribuída de forma desigual nas diferentes parroquias, concentrándose a maioría da poboación, en concreto o 54,47%, na parroquia de San Martiño de Quiroga. A seguinte parroquia máis poboada é San Salvador de O Hospital, que representa o 14,65% dos habitantes do municipio. As restantes parroquias están por debaixo do 5% en número de habitantes respecto do total do municipio. A parroquia de San Lourenzo de Vilarmel, onde se sitúa o monte, ten só 24 habitantes, o que supón o 0,74 % dos habitantes totais do municipio.

Outro dato que reflexa as fortes desigualdades poboacionais é a densidade de poboación, sendo na parroquia de Quiroga de 284,75 hab./km², seguida polas parroquias de A Ermida e O Hospital, con 23,58 e 17,87 hab./km², respectivamente. A parroquia de Vilarmel con 0,86 hab./km² representa, xunto

coa de Cereixido con 0,54 hab./Km², a densidade de poboación máis baixa de todo o municipio. Isto reflicta que están ao bordo do despoboamento.

Na seguinte imaxe pode verse a poboación en cada unha das parroquias por número de habitantes e a densidade de poboación expresada en habitantes por Km². Obsérvase como as parroquias máis afastadas de Quiroga, como é o caso de Vilarmel, teñen menor densidade de poboación.



Imaxe 4. Habitantes por parroquia no concello de Quiroga. Elaboración propia.


4.4.1.2. Estrutura demográfica

Respecto da estrutura da poboación do municipio e segundo os principais grupos de idade, os maiores de 65 e máis anos representan o 39,15% da poboación, mentres que os de 0 a 15 anos só representan o 8,26%. O 52,59% restante, corresponde o grupo de idade que vai dende os 16 ós 64 anos.

		Homes	Mulleres
Poboación total	3.257	1.559	1.698
De 0 a 15 anos	269	136	133
de 16 a 64 anos	1.713	865	848
de 65 e máis anos	1.275	558	717
Poboación estranxeira	81	36	45
Idade media (ano)	56,33	54,74	57,83

Táboa 7. Poboación por grupos de idade e sexo no concello de Quiroga.

A pirámide de idades do municipio de Quiroga é invertida tal e como se mostra na seguinte gráfica, caracterizándose polo estreitamento na súa base, debido ao descenso nas taxas de natalidade, e o aumento da esperanza de vida das poboacións con máis idade. En xeral, este é o proceso que se está a vivir na maioría dos concellos galegos, se ben, nos concellos rurais é moito máis acentuado que nos urbanos.



Gráfica 2. Pirámide de idades no concello de Quiroga. Elaboración propia.

4.4.1.3. Dinámica demográfica

A dinámica demográfica estuda o movemento natural da poboación (natalidade, mortalidade, saldo vexetativo) así como os movementos de inmigración e emigración.

Segundo os datos do Instituto Galego de Estatística (IGE), no ano 2017 o número de defuncións foi de 78 superou ó número de nacementos que foi de 19, resultando no municipio de Quiroga un saldo vexetativo negativo co valor de -59.

Os movementos migratorios que representan os desprazamentos de persoas dun país a outro, podendo darse este desprazamento, incluso dentro dun mesmo país, dunha comunidade autónoma a outra diferente. O saldo migratorio do municipio de Quiroga do ano 2017 resultou ser nulo, igualándose as inmigracións coas emigracións.

Na inmigración tivo máis peso a que provén de outra provincia dentro da mesma comunidade autónoma. O mesmo ocorre coa emigración, tendo maior representatividade a interna.

4.4.1.4. Ocupación da poboación

Respecto do número de parados por sectores de actividade, o que maior paro rexistrou no ano 2018 foi o sector servizos, seguindo da industria. A agricultura e a construción rexistraron un menor número de parados no mesmo período.

Analizando o paro por sexo e grupos de idade, no ano 2018, do total de persoas paradas, o 58% correspóndelle ó sexo feminino. En canto ós grupos de idade, o 10% das persoas sen emprego son menores de 25 anos.

4.4.2. Análise económica

Respecto das afiliacións á seguridade social por sectores, o que representa un maior número é o sector servizos, seguido da industria onde destaca a extractiva e a hidroeléctrica. O sector da construción e a agricultura son os que menos afiliacións teñen.

O sector agrario atópase liderado pola actividade agrícola sobre a gandeira, situación condicionada en gran medida pola orografía accidentada característica do territorio municipal. A agricultura basease fundamentalmente no monocultivo da vide, ao cal se dedica gran parte da superficie cultivable, especialmente nas zonas de val do río Quiroga e Sil, xunto con pequenas hortas e cultivo de froiteiras. Os abundantes pasteiros próximos aos asentamentos de poboación, como no caso de Vilarmel, son destinados a unha gandería bovina,

que está a acusar durante os últimos anos un importante retroceso, como consecuencia do proceso de perda de poboación. Doutra banda, cabe destacar a explotación forestal, que conta con grandes extensións de piñeirais e monte baixo, na súa función complementaria do sector agrario.

A continuación móstranse o número de afiliacións en alta laboral por sectores de actividade para o ano 2019, no que destaca o sector servizos con 68% seguindo da industria. O que conta con menor número de afiliacións é o sector de agricultura e pesca.

ACTIVIDADE	Nº	Período
Agricultura e pesca	62	2019
Industria	147	
Construción	67	
Servizos	607	

Táboa 8. Número afiliacións en alta laboral por sectores.

Na seguinte táboa mostrase o número empresas por estrato de asalariados, contanto o 90% con non máis de 2 asalariados.

ACTIVIDADE	Nº	Período
De 0 a 2 asalariados	243	2017
De 3 a 5 asalariados	18	
De 6 a 9 asalariados	6	
De 10 a 19 asalariados	2	
De 20 a 49 asalariados	0	
De 50 a 99 asalariados	1	

Táboa 9. Empresas por estrato de asalariados.

Respecto do número de empresas por sectores de actividade segue sendo o sector servizos o que conta co maior número de empresas seguido do sector da construción e a industria.

ACTIVIDADE	Nº	Período
Agricultura e pesca	32	2017
Industria	28	
Construción	46	
Servizos	164	

Táboa 10. Número de empresas por sectores de actividade.

5. Identificación, cuantificación e valoración de impactos

5.1. Metodoloxía

Primeiramente identifícanse as accións do proxecto de reforestación susceptibles de producir impacto sobre cada un dos factores ambientais descritos previamente.

Deste xeito, unha vez coñecidas as características das actuacións, identifícanse aquelas que poden xerar afeccións, tanto na fase de execución así como na fase de explotación.

Por último valoraranse os impactos en función dunha serie de parámetros como son a intensidade, a periodicidade, o efecto, a extensión, etc.

5.2. Accións susceptibles de producir impacto

En principio, calquera actuación a realizar sobre o medio é susceptible de producir un impacto ambiental. Agora ben, en moitos casos, o nivel ou grao deste impacto non é o suficientemente significativo ou importante para realización dunha avaliación de impacto ambiental.

Aproveitamentos madeireiros: efectuaranse sobre as masas arboradas de *Pinus pinaster* e *Pinus sylvestris*, nas que se realizarán cortas de mellora con aproveitamento comercial. Trátase de cortas que en ningún caso teñen como obxectivo o cambio de uso do solo, de xeito que non precisan someterse a avaliación de impacto ambiental ordinaria.

Rozas, rareos e podas: son tratamentos silvícolas que teñen dobre finalidade, a mellora da masa e tamén a defensa contra os incendios forestais. Non implican un cambio de uso do solo, polo que non precisan de avaliación de impacto ambiental ordinaria.

Redes de Xestión de Biomasa: rozas para dar cumprimento coa Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Esta actuación non precisa avaliación de impacto ambiental ordinaria, sendo un uso permitido no Plan Director da Rede Natura 2000.

Mantemento de infraestruturas: o mantemento das pistas forestais, faixas auxiliares, áreas de devasas e puntos de auga, xa existentes, conservando as súas características actuais, non precisaría de avaliación de impacto.

Creación de áreas cortalumes: é unha actuación susceptible de producir impactos que será avaliada, para dar cumprimento co Plan Director da Rede Natura, minimizando os impactos paisaxísticos negativos.

Forestación: esta é a actuación pola que é necesario sometelo proxecto a avaliación de impacto ambiental, dado que se pretende destinar unha área inculta ó aproveitamento forestal madeireiro implicando a ocupación dunha superficie maior de 10 hectáreas, nunha zona de Rede Natura 2000.

Deslindamentos e amolloamentos: É unha actuación sen repercusión medio ambiental, dado que a colocación dos marcos, é unha operación puntual que non require a transformación e/ou alteración do medio dun xeito significativo.

Polo tanto, a necesidade de realizar o presente **EIA**, débese a inclusión da proposta de forestacións en zona de Rede Natura 2000, nunha superficie maior de 10 ha. Polo que, este proxecto, encádrase no grupo 9 do Anexo I da *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental*.

Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Anexo I. Proxectos sometidos a avaliación ambiental ordinaria regulada no título II, capítulo II, sección 1ª.

Grupo 9. Outros proxectos.

a) Os seguintes proxectos cando se desenrolan en Espazos Naturais Protexidos, Rede Natura 200 e Áreas protexidas por instrumentos internacionais, segundo a regulación da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade:

2º Proxectos para destinar áreas incultas ou áreas seminaturais á explotación agrícola que impliquen a ocupación dunha superficie maior de 10 ha.

Respecto a actuación identificada como susceptible de producir impacto, analizarase distinguindo unha fase de execución, que contemplan as labores propias de implantación da repoboación, e unha segunda fase de explotación, na que se avaliará a medio e longo prazo as labores e os efectos posteriores á forestación.

5.2.1. Fase de execución

Na fase de execución dunha forestación distínguense as seguintes labores ou accións:

- Tratamento da vexetación preexistente: a vexetación preexistente eliminarase mediante a roza mecanizada, coa finalidade de eliminar a competencia do mato.
- Preparación do terreo: operación previa á colocación da planta que consiste no acondicionamento do terreo para acoller a planta, mediante preparación puntual mecanizada.
- Plantación: acción de trasladar e implantar sobre o terreo as plantas producidas en viveiro para o seu desenvolvemento, de xeito que no

futuro formen unha masa forestal estable. As especies empregadas son *Pinus sylvestris*, *Castanea x hybrida* e *Prunus avium*.

- Áreas cortalumes: creación de estruturas de defensa contra incendios forestais mediante rozas mecanizadas.

5.2.2. Fase de explotación

Nesta fase, distínguense as seguintes accións:

- Reposición de marras: plantación de novas plantas sen unha nova preparación do terreo.
- Rozas de mantemento: consiste na roza do mato entre as liñas de plantación, co obxectivo de reducir a competencia.
- Crecemento da plantación: esta acción ten un efecto sobre diversos elementos do medio.
- Aproveitamentos madeireiros.

5.3. Factores do medio susceptibles de producir impacto

As accións do proxecto identificadas descritas anteriormente son a causa dun conxunto de impactos producidos sobre as distintas variables medio ambientais descritas no inventario. Fíxose necesario o establecemento dun conxunto de parámetros, denominados factores ambientais, para cada unha das mencionadas variables, cuxa función é a de servir de indicadores dos cambios esperados no medio trala execución do proxecto.

Os factores ambientais escollidos para cada variable do medio estudada e o tipo de afección que miden son os seguintes:

CLIMATOLOXÍA:

Non se consideraron aspectos climáticos susceptibles de ser alterados pola execución e explotación deste proxecto.

XEOLOXÍA E XEOMORFOLOXÍA:

Xeración de riscos xeolóxicos. Considéranse principalmente os riscos de inestabilidade do terreo pola escavación de desmontes e a pola construción de terrapléns. Dado que no proxecto de ordenación non se contempla a apertura de pistas, non se prevén alteracións da xeoloxía.

Cambio nas formas do relevo. Cambio implicado nas xeofomas polas escavacións, explanacións e terraplenados. Dado que non se executarán movementos de terra non se prevén cambios nas formas do relevo.

Singularidades xeolóxicas. A existencia de Puntos de Interés Xeolóxico (PIG) inventariados ou de áreas que presenten singularidade polo seu valor científico ou comercial, considerouse como outro factor.

HIDROLOXÍA:

Respecto da hidroloxía superficial, considéranse os seguintes factores:

Rede de drenaxe. Entendida como o esquema hidráulico da zona do proxecto considerando o número e a importancia dos cauces afectados.

Calidade das augas. Coa finalidade de identificar e avaliar o risco de contaminación por vertidos accidentais ou por aumento da turbidez como consecuencia das actuacións de forestación no monte de Vilarmel.

Interferencia no réxime hidráulico. Afeccións aos acuíferos que implicarían a perda dos recursos freáticos.

Calidade das augas. Avaliarase o risco de contaminación dos acuíferos existentes derivado das actuacións que se proxectan.

EDAFOLOXÍA:

Capacidade produtiva. Considerarase a mellora da capacidade produtiva do solo derivado das actuacións, na superficie na que se levarán a cabo repoboacións.

Riscos de erosión. Considerarase a diminución do risco de erosión unha vez establecida a repoboación, se ben tamén se terá en conta na fase de execución a aparición de superficies desprovistas de cuberta vexetal. A importancia deste factor valorarase en función das pendentes.

VEXETACIÓN:

Formacións vexetais de interese. Neste caso avaliarse a afección directa sobre o hábitat de interese comunitario (4030), dominado por *Erica australis*.

FAUNA:

Hábitats faunísticos. Dentro deste indicador recóllense tanto a posibilidade de afección dos hábitats nas tarefas de roza como a modificación dalgunha das características que os definen para a fauna que os habita.

Presenza de especies singulares. Recolle a afección directa a especies concretas.

PAISAXE:

Incidencia visual. Avaliaranse os lugares do territorio sobre os que se divisarán as zonas obxecto de repoboación.

Calidade ou valor estético da área. Avaliarase a calidade da paisaxe en función da vexetación, relevo, cor, actuacións humanas...

ASPECTOS SOCIECONÓMICOS:

Fixación da poboación. Avaliarase a posible repercusión sobre a poboación da parroquia de Vilarmel, que xa conta con poucos efectivos humanos.

Nivel económico. Este factor pretende analizar a incidencia das forestacións sobre a economía dos veciños da parroquia de Vilarmel.

PATRIMONIO CULTURAL:

Elementos do patrimonio arquitectónico e etnográfico. Sobre estes elementos recollidos no Plan Xeral de Ordenación Municipal, avaliarase tanto a afección directa como a alteración das condicións do entorno inmediato ao elemento considerado.

SAÚDE HUMANA:

Calidade do aire. Este factor pretende analizar o efecto sobre a saúde humana que terá a repoboación como produtora de osíxeno.

Contaminación acústica. Avaliarase a produción de ruído como consecuencia da realización das labores previas á repoboación.

AIRE:

Contaminación do aire. Avaliarase a produción de partículas en suspensión na fase de execución das actuacións.

CAMBIO CLIMÁTICO:

Efecto invernadoiro. Emprégase este indicador para analizar o efecto que terán as repoboacións sobre o cambio climático, como captadores de CO₂.

5.4. Identificación dos impactos

A identificación de impactos, propiamente dita, realízase directamente mediante a elaboración da matriz de relacións causa - efecto que se mostra a continuación.

MATRIZ DE IDENTIFICACIÓN DE IMPACTOS		FASE DE EXECUCIÓN				FASE DE EXPLOTACIÓN			
		Tratamento da vexetación	Preparación do terreo	Plantación	Creación de áreas devasa	Reposición de marras	Tratamentos silvícolas	Crecedemento da plantación	Cortas
ELEMENTOS	FACTORES								
Xeoloxía	Xeración de riscos xeolóxicos								
	Cambio nas formas do relevo								
	Singularidades xeolóxicas								
Hidroloxía	Rede de drenaxe								
	Afección á calidade das augas								
	Contaminación de acuíferos								
	Interferencia no réxime hidráulico								
Edafoloxía	Capacidade produtiva								
	Risco de erosión								
Flora	Afección a formacións vexetais de interese								
Fauna	Alteración dos hábitats								
	Presenza de especies singulares								
Paisaxe	Incidencia visual								
	Calidade ou valor estético da área								
Socio - economía	Fixación da poboación								
	Nivel económico								
Patrimonio cultural	Elementos do patrimonio								
Saúde humana	Calidade do aire								
	Contaminación acústica								
Aire	Contaminación do aire								
Cambio climático	Efecto invernadoiro								

Táboa 11. Matriz de identificación de impactos.

A continuación caracterízanse os impactos en función da súa natureza como positivos ou beneficiosos e negativos.

MATRIZ DE VALORACIÓN DE IMPACTOS		FASE DE EXECUCIÓN				FASE DE EXPLOTACIÓN			
		Tratamento da vexetación	Preparación do terreo	Plantación	Creación de áreas devasa	Reposición de marraz	Tratamentos silvícolas	Crecemento da plantación	Cortas
ELEMENTOS	FACTORES								
Xeoloxía	Xeración de riscos xeolóxicos								
	Cambio nas formas do relevo								
	Singularidades xeolóxicas								
Hidroloxía	Rede de drenaxe								
	Afección á calidade das augas								
	Contaminación de acuíferos								
	Interferencia no réxime hidráulico								
Edafoloxía	Capacidade produtiva								
	Risco de erosión								
Flora	Afección a formacións vexetais de interese								
Fauna	Alteración dos hábitats								
	Presenza de especies singulares								
Paisaxe	Incidencia visual								
	Calidade ou valor estético da área								
Socio - economía	Fixación da poboación								
	Nivel económico								
Patrimonio cultural	Elementos do patrimonio								
Saúde humana	Calidade do aire								
	Contaminación acústica								
Aire	Contaminación do aire								
Cambio climático	Efecto invernadoiro								

IMPACTO NEGATIVO

IMPACTO POSITIVO

Táboa 12. Matriz de valoración de impactos (negativo, positivo)

5.5. Valoración cualitativa dos impactos derivados das accións do proxecto

Neste apartado realizarase unha avaliación estimativa e cuantitativa dos efectos previsibles directos ou indirectos, acumulativos e sinérxicos do proxecto sobre a poboación, a saúde humana, a flora, a fauna, a biodiversidade, o solo, o aire, a auga, os factores climáticos, o cambio climático, a paisaxe, os bens materiais, incluído o patrimonio cultural, e a interacción entre todos os factores mencionados, durante as fases de execución, explotación e abandono do proxecto.

A continuación determínase a importancia do impacto a partir dos seguintes parámetros:

Carácter ou natureza

Refírese á repercusión que vai ter o impacto sobre o territorio con dous posibles estados: positivo (+) ou beneficioso e negativo (-) ou prexudicial.

Intensidade (I)

Este termo refírese ao grao de incidencia da acción sobre o factor. O baremo de valoración abarca os seguintes graos: Moi Alta (8), Alta (4), Media (2) e Baixa (1).

Extensión (EX)

Refírese á área de influencia teórica do impacto en relación co entorno do proxecto. Se a acción produce un efecto moi localizado, considerarase que o impacto ten un carácter Puntual (1). Se pola contra, o efecto non admite unha localización precisa dentro do entorno do proxecto, tendo unha influencia xeneralizada en todo el, o impacto será total ou Extenso (4). Finalmente considerarase a situación intermedia, como impacto Parcial (2).

Momento (MO)

É o tempo que transcorre entre a aparición da acción e o comezo do efecto sobre o factor do medio considerado.

Así pois, cando o tempo transcorrido sexa nulo, o momento será Inmediato (4), se é un período de tempo inferior a un ano, Curto Prazo (3), se varía de 1 a 3 anos, Medio prazo (2) e se o efecto tarda máis de tres anos, Longo prazo (1)

Persistencia (PE)

Refírese ao tempo que permanecería o efecto dende a súa aparición. Un impacto é Temporal (2) cando o seu efecto supón unha alteración non permanente no tempo, con un prazo de manifestación que pode determinarse. Un impacto é Permanente (4) cando supón unha alteración, indefinida no tempo, dos factores ambientais predominantes. Por último tamén pode ser Fugaz (1).

Reversibilidade (RV)

Refírese á posibilidade de reconstrución do factor afectado como consecuencia da acción acometida, é dicir, a posibilidade de retornar ás condicións iniciais previas á acción, por medios naturais.

É reversible aquel no que a alteración pode ser asimilada polo entorno de forma medible a Curto (1) ou Medio prazo (2). É Irreversible (4) o que imposibilita ou dificulta de forma extrema o retorno á situación previa existente.

Sinerxía (SI)

Reforzamento dun efecto simple. Pode ser Simple (1), Sinérxico (2) ou Moi sinérxico (4)

Acumulación (AC)

É o incremento progresivo da manifestación do efecto, podendo ser Simple (1) ou Acumulativo (4)

Efecto (EF)

Este refírese a forma de manifestarse o efecto sobre o factor, podendo ser Indirecto (1) e Directo (4)

Periodicidade (PR)

É a regularidade da manifestación, podendo ser Irregular (1), Peródico (2) e Continuo (4)

Recuperabilidade (MC)

Refírese á posibilidade de retorno ás condicións iniciais de forma artificial, podendo ser Inmediata (1), a Medio prazo (2), Mitigable (4) e Irrecuperable (8).

Unha vez puntuados obtense a importancia do efecto mediante a seguinte expresión:

$$I = 3 \times I + 2 \times EX + MO + PE + RV + SI + AC + EF + PR + MC$$

Estes valores poden ser positivos ou negativos e segundo o valor resultante a importancia do impacto será:

COMPATIBLE: valores de $I < 25$, impactos irrelevantes, é dicir, na que a súa recuperación é inmediata tralo cese da actividade e non precisa prácticas protectoras ou correctoras.

MODERADO: valores de I entre 25 e 50, a recuperación das condicións orixinais requiren certo tempo sendo aconsellable a aplicación de medidas correctoras.

SEVERO: valores de I entre 50 e 75, a magnitude do efecto esixe a introdución de prácticas correctoras para a recuperación do medio, e esixen un período de tempo ilimitado.

CRÍTICO: valores de $I > 75$, a magnitude do efecto é superior ao limiar aceptable sendo pouco factible a introdución de prácticas correctoras.

En resumo para o cálculo da importancia do impacto, empréganse unha serie de atributos de tipo cualitativo que se mostran na seguinte táboa:

Natureza		Intensidade (IN)	
Positivo ou beneficioso	+	Baixa	1
Negativo ou prexudicial	-	Media	2
		Alta	4
		Moi alta	8
Extensión (EX)		Momento (MO)	
Puntual	1	Longo prazo	1
Parcial	2	Medio prazo	2
Extenso	4	Inmediato	4
Total	8	Crítico	>4
Crítica	>8		
Persistencia (PE)		Reversibilidade (RV)	
Fugaz	1	Curto prazo	1
Temporal	2	Medio prazo	2
Permanente	4	Irreversible	4
Recuperabilidade (RC)		Sinerxía (SI)	
Inmediata	1	Simple	1
A medio prazo	2	Sinérxico	2
Mitigable	4	Moi sinérxico	4
Irrecuperable	8		
Acumulación (AC)		Efecto (EF)	
Simple	1	Indirecto	1
Acumulativo	4	Directo	4
Periodicidade (PR)		Importancia (I)	
Irregular	1	$I = 3 \times I + 2 \times EX + MO + PE + RV + SI + AC + EF + PR + MC$	
Periódico	2		
Continuo	4		

Táboa 13. Resumo do cálculo da importancia do impacto.

VALORACIÓN CUALITATIVA		Fase de execución												
		NATUREZA	INTENSIDADE	EXTENSIÓN	MOMENTO	PERSISTENCIA	REVERSIBILIDADE	RECUPERABILIDADE	SINERXIA	ACUMULACIÓN	EFECTO	PERIODICIDADE	IMPORTANCIA	VALOR
ELEMENTOS	FACTORES													
Xeoloxía	Xeración de riscos xeolóxicos		0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	NON SIGNIFICATIVO
	Cambio nas formas do relevo		0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	NON SIGNIFICATIVO
	Singularidades xeolóxicas		0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	NON SIGNIFICATIVO
Hidroloxía	Rede de drenaxe	-	1	2	2	2	2	1	1	1	4	1	-21	COMPATIBLE
	Afección á calidade das augas	-	1	2	2	2	2	1	1	1	4	1	-21	COMPATIBLE
	Contaminación de acuíferos		0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	NON SIGNIFICATIVO
	Interferencia no réxime hidráulico		0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	NON SIGNIFICATIVO
Edafoloxía	Capacidade produtiva		0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	NON SIGNIFICATIVO
	Risco de erosión	-	1	2	2	2	2	1	1	1	4	1	-21	COMPATIBLE
Flora	Afección a formacións vexetais de interese	-	4	2	4	2	2	1	1	1	4	1	-32	MODERADO
Fauna	Alteración dos hábitats	-	1	2	2	2	2	1	1	1	4	1	-21	COMPATIBLE
	Presenza de especies singulares	-	1	2	2	2	2	1	1	1	4	1	-21	COMPATIBLE
Paisaxe	Incidencia visual	-	4	2	4	2	2	1	1	1	4	1	-32	MODERADO
	Calidade ou valor estético da área	-	4	2	4	2	2	1	1	1	4	1	-32	MODERADO
Socio - economía	Fixación da poboación		0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	NON SIGNIFICATIVO
	Nivel económico		0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	NON SIGNIFICATIVO
Patrimonio cultural	Elementos do patrimonio		0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	NON SIGNIFICATIVO
Saúde humana	Calidade do aire		0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	NON SIGNIFICATIVO
	Contaminación acústica	-	1	2	2	2	2	1	1	1	4	1	-21	COMPATIBLE
Aire	Contaminación do aire	-	1	2	2	2	2	1	1	1	4	1	-21	COMPATIBLE
Cambio climático	Efecto invernaoiro	-	1	2	2	2	2	1	1	1	4	1	-21	COMPATIBLE

Táboa 14. Valoración cualitativa de impactos.

MATRIZ DE VALORACIÓN CUALITATIVA		Fase de execución				Fase de explotación			
		Tratamento da vexetación	Preparación do terreo	Plantación	Creación de áreas devasa	Reposición de marras	Tratamentos silvícolas	Crecedemento da plantación	Cortas
ELEMENTOS	FACTORES								
Xeoloxía	Xeración de riscos xeolóxicos	0	0	0	0	0	0	0	0
	Cambio nas formas do relevo	0	0	0	0	0	0	0	0
	Singularidades xeolóxicas	0	0	0	0	0	0	0	0
Hidroloxía	Rede de drenaxe	0	0	0	0	0	0	+	0
	Afección á calidade das augas	-21	-21	0	-21	0	0	0	0
	Contaminación de acuíferos	0	0	0	0	0	0	0	0
	Interferencia no réxime hidráulico	0	0	0	0	0	0	0	0
Edafoloxía	Capacidade produtiva	0	0	0	0	0	0	+	0
	Risco de erosión	-21	-21	0	-21	0	0	+	0
Flora	Afección a formacións vexetais de interese	-32	-32	0	-32	0	0	0	0
Fauna	Alteración dos hábitats	-21	-21	0	-21	0	0	0	0
	Presenza de especies singulares	-21	-21	0	-21	0	0	+	0
Paisaxe	Incidencia visual	-32	-32	0	-32	0	0	0	0
	Calidade ou valor estético da área	-32	-32	0	-32	0	0	0	0
Socio - economía	Fixación da poboación	0	0	0	0	0	0	0	+
	Nivel económico	0	0	0	0	0	0	0	+
Patrimonio cultural	Elementos do patrimonio	0	0	0	0	0	0	0	0
Saúde humana	Calidade do aire	0	0	0	0	0	0	+	0
	Contaminación acústica	-21	-21	0	-21	0	0	0	0
Aire	Contaminación do aire	-21	0	0	0	0	0	0	0
Cambio climático	Efecto invernadoiro	0	0	-21	-21	0	0	+	0

COMPATIBLE

MODERADO

SEVERO

CRÍTICO

Táboa 15. Matriz de valoración cualitativa

5.5.1. Descrición dos impactos sobre os factores do medio

5.5.1.1. Sobre a xeoloxía

Tanto na fase de execución como na de explotación non se prevén efectos sobre a xeoloxía, xa que non se producirán movementos de terra que impliquen cambios nas formas do relevo. As zonas de maior pendente terán un uso protector. Polo tanto, considérase como un impacto non significativo.

5.5.1.2. Sobre a hidroloxía

Fase de execución:

As labores de roza e preparación do terreo poden afectar lixeiramente á rede de drenaxe polo que o impacto sobre a hidroloxía caracterízase como negativo, directo, temporal, sinérxico, a curto prazo, reversible e recuperable, e valórase como compatible.

Para minimizar os posibles impactos sobre a rede hidrolóxica, no caso da preparación do terreo, realizarase de forma puntual. Así mesmo, respectaranse tódalas masas de frondosas de ribeira, non actuando sobre elas.

Outro dos posibles impactos a considerar é o risco de contaminación das augas debido a vertidos accidentais de aceite ou combustible.

Mediante o control das obras e supervisión da maquinaria minimizarase o impacto previsto, que se caracteriza como negativo, directo, temporal, a curto prazo, sinérxico, reversible e recuperable, e valórase como compatible.

Respecto das augas subterráneas considérase que os impactos que se prevén non son significativos.

Fase de explotación:

Nesta fase, unha vez implantada a repoboación os efectos sobre a rede de drenaxe serán nulos.

5.5.1.3. Sobre a edafoloxía

O principal impacto sobre o solo é o incremento do risco de erosión dada a orografía do terreo. Ao facer unha preparación puntual mediante apertura de ocos, a afección sobre o mesmo sería moi baixa. Desta forma, o este impacto caracterízase como negativo, directo, sinéxico, temporal, a curto prazo, irreversible e irrecuperable e valórase como compatible.

Outro posible impacto sobre o solo derívase de posibles vertidos accidentais de sustancias tales como aceite, graxa ou combustible. De calquera xeito, tomaranse as medidas preventivas necesarias para evitar dito risco. Polo tanto, o impacto considérase como non significativo.

Fase de explotación:

Unha vez establecida a plantación o impacto sobre o solo será positivo, dado que se reducirán os fenómenos erosivos mellorando a capacidade de retención do solo.

Ademais tamén se verá afectada positivamente a capacidade produtiva do solo.

5.5.1.4. Sobre a flora

Fase de execución:

A modificación da cuberta vexetal pola roza e a apertura de ocos, afecta fundamentalmente a un queirogal dominado pola especie *Erica australis*, representativo do hábitat 4030 do anexo I da Directiva 92/43/CEE.

Debido á pequena superficie sobre a que se actuará, en relación coa superficie total do monte, os impactos sobre a vexetación considéranse de baixa magnitude.

En todo caso, aplicaranse medidas para minimizar esta afección, como reducir a superficie afectada restrinxindo a circulación da maquinaria ás pistas forestais.

As forestacións, realizaranse en superficies continuas de non máis de 10 ha, para non romper a continuidade do hábitat.

O impacto sobre a vexetación caracterízase como negativo, directo, temporal, a curto prazo, sinérxico, reversible e recuperable, valorándose como moderado.

Fase de explotación:

A implantación dunha masa forestal de frondosas autóctonas e coníferas supón, maiormente, no caso das coníferas un cambio substancial no tipo de vexetación presente na zona de actuación, se ben unha vez establecidas as masas, impacto valórase como non significativo.

5.5.1.5. Sobre a fauna

Fase de execución:

Como se mencionou no apartado de inventario ambiental, as especies de fauna máis vulnerables á execución das tarefas de previas á repoboación, son as seguintes:

- *Circus pygargus*
- *Discoglossus galganoi*
- *Galemys pyrenaicus*
- *Aquila chrysaetos*
- *Ursus arctos*
- *Emys orbicularis*

Os posibles impactos sobre a fauna existente no monte serán negativos debido a que os traballos poderían afectar a niños e guaridas, se ben comprobárase sobre o terreo, a existencia dos mesmos, para evitar posibles danos.

A fauna máis vulnerable está asociada á vexetación herbácea, como no caso de *Dicoglossus galganoi*, cultivos de cereal (*Circus pygargus*), e tamén a

ambientes de bosque de ribeira e pequenos regatos (*Salamandra salamandra* e *Emys orbicularis* L). Polo tanto, no se prevén afeccións á fauna, tendo en conta que as actuacións están distribuídas en áreas de pequena extensión onde domina o queirogal, que non é o hábitat preferido polas especies máis vulnerables. Tal e como se reflexa na matriz de valoración, o impacto considérase como compatible.

Fase de explotación:

A repoboación, especialmente, no caso das frondosas caducifolias autóctonas, permitirá albergar novas poboacións de especies, co que terá un efecto positivo sobre a fauna.

5.5.1.6. Sobre a paisaxe

Fase de execución:

Os principais impactos sobre a paisaxe, nesta fase, derivanse das labores de roza e apertura de ocos, se ben a incidencia visual destas labores é media tal e como se analiza no Estudo de Impacto e Integración Paisaxística, valorándose dito impacto como moderado.

Fase de explotación:

Unha vez implantada a repoboación o efecto sobre a paisaxe considérase que non é significativo.

5.5.1.7. Sobre a socioeconomía

Fase de execución:

Os impactos sobre a socioeconomía considéranse como non significativos na fase de execución.

Fase de explotación:

Dadas as condicións demográficas da parroquia de Vilarmel, nun espazo de orografía montañosa que conta con poucos efectivos humanos e en continua regresión, é de vital importancia, a realización de proxectos de ordenación de montes que contemplan actuacións de repoboación forestal que permitan poñer en valor as superficies de maior vocación forestal e polo tanto xerar unha fonte de recursos económicos tan necesarios no ámbito rural é que terían un efecto directo, positivo e a medio prazo sobre os habitantes do lugar.

Polo tanto, considérase que as repoboación forestais repercutirán positivamente sobre o nivel económico dos veciños do lugar de Vilarmel e do mesmo xeito contribuirán á fixación de poboación.

5.5.1.8. Sobre o patrimonio cultural

Tanto na fase de execución como na de explotación non se prevén afeccións sobre os distintos elementos do patrimonio cultural identificados, tales como numerosas alvarizas e casas reitorais, xa que estes están situados fóra do ámbito de actuación.

5.5.1.9. Sobre a saúde humana

Fase de execución:

A execución da actuación inducirá un aumento dos niveis sonoros como consecuencia dos traballos de roza e apertura de ocos. Neste sentido, non é esperable que o impacto sexa de gran magnitude dada a temporalidade dos traballos e das medidas para mitigar a xeración de ruído. Caracterízase o como negativo, directo, sinéxico, temporal, a corto prazo, reversible e recuperable e valórase como COMPATIBLE.

Fase de explotación:

Tanto as masas de frondosas (*Castanea x hybrida* e *Prunus avium*), como as de *Pinus sylvestris*, terán un efecto positivo sobre a saúde grazas a liberación de osíxeno no proceso da fotosíntese.

5.5.1.10. Sobre o aire

Fase de execución:

Un dos posibles impactos sobre a calidade do aire prodúcese polas emisións de gases contaminantes da maquinaria, nas labores de preparación do terreo, previas á repoboación. Co correcto estado da maquinaria a empregar e mediante a súa supervisión; esta contaminación terá un impacto COMPATIBLE.

Así mesmo, podería verse alterada a calidade do aire por un incremento das partículas en suspensión no aire como consecuencia, fundamentalmente, nas tarefas de roza. Este impacto é mínimo, dada a reducida superficie de actuación e en todo caso, de carácter temporal.

Polo tanto, o impacto sobre a calidade do aire por incremento das partículas en suspensión é temporal, desaparecendo unha vez rematados os traballos previos á plantación. Este impacto caracterízase como negativo, directo, sinéxico, temporal, a corto prazo, reversible e recuperable e valórase como COMPATIBLE.

Fase de explotación:

Nas labores de mantemento da repoboación, considérase que o impacto sobre a calidade do aire non é significativo.

5.5.1.11. Sobre o cambio climático

Unha vez establecidas as masas forestais terán un efecto mitigador do cambio climático ao fixar CO₂.

5.5.1.12. Efectos derivados da vulnerabilidade

Conforme á nova redacción da Lei 21/2013 de 9 de decembro dada pola entrada en vigor da Lei 9/2018, do 5 de decembro, requírese a presentación dunha análise preliminar dos efectos previsibles sobre os factores ambientais

derivados da vulnerabilidade do proxecto ante riscos de accidentes graves ou de catástrofes.

Neste caso dado a natureza do proxecto e as actuacións propostas non se prevé vulnerabilidade ante riscos de accidentes graves ou desastres, polo que non se considera necesario a realización deste apartado no presente estudio de impacto ambiental

Cumprirase o disposto na Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais e posteriores modificacións, así como a súa normativa de acompañamento.

6. Medidas preventivas e correctivas

Unha vez identificados e valorados os impactos que as accións do Proxecto de Ordenación pode provocar sobre o medio receptor, propóñense as medidas previstas para previr, reducir, eliminar ou compensar os efectos ambientais negativos significativos, encamiñadas a conseguir que o impacto global do Proxecto resulte o menos agresivo posible co entorno.

Estas medidas son fundamentalmente de tres tipos:

Medidas preventivas: teñen como finalidade evitar a aparición de efectos ambientais negativos ou mitigar estes anticipadamente.

Medidas correctoras: non eliminan o impacto, pero atenúano, diminuíndo a súa importancia. Estas medidas adóptanse cando a afección é inevitable, pero existen procesos, tecnoloxías, etc., capaces de minimizar o impacto.

Medidas compensatorias: son as actuacións aplicables cando o impacto é inevitable ou de difícil corrección. Tenden a compensar o efecto negativo sobre a especie ou hábitat afectado, mediante a xeración de efectos positivos relacionados co mesmo.

A continuación detállanse as medidas preventivas, correctoras e compensatorias a desenrolar nas fases de execución e explotación, coa

finalidade última de evitar, minimizar ou compensar as afeccións que potencialmente poidan darse sobre os factores ambientais analizados.

6.1. Medidas preventivas en fase de execución

6.1.1. Medidas preventivas sobre a edafoloxía

Para evitar o proceso de erosión, dadas características abruptas do terreo evítarase actuar nas áreas de maior pendente.

Nas zonas con fenómenos erosivos máis importantes non se realizarán actuacións durante o plan especial, son zonas cunha función principal protectora.

Con todo, existen zonas onde pode existir un risco de erosión, dado que as pendentes son pronunciadas, isto obriga a que se adopten á hora de organizar as operacións nestas zonas as seguintes medidas preventivas e correctivas:

- Para a preparación do terreo optaranse por métodos como a preparación puntual, que teñen menor incidencia nos fenómenos erosivos.
- Traballar sempre que a pendente e a maquinaria o permita en curvas de nivel.
- Á hora de realizar as rozas cando exista risco de erosión efectuaranse por faixas ou puntuais.
- No monte, só se realizarán as operacións de mantemento diario imprescindible da maquinaria, non permitindo operacións que impliquen risco de contaminación do solo, tales como o cambio de aceite.
- Nas áreas de defensa contra incendios, no límite das superficies obxecto de forestación, non se realizará o decapaxe ata o solo mineral, senón que unicamente se rozará á feito.

- A maquinaria a empregar durante a execución dos traballos revisarase periodicamente co obxectivo de evitar perdas de lubricantes, combustibles, etc, que poidan contaminar o solo.
- As reparacións de maquinaria realizaranse en taller autorizado. As reparacións de urxencia serán realizadas por un servizo técnico desprazado á obra, que retirará e xestionará os residuos xerados segundo a normativa.

6.1.2. Medidas preventivas sobre a hidroloxía

Como medida preventiva coa finalidade de evitar arrastres de sólidos aos cursos fluviais, paralizaranse as obras en períodos de choiva intensa.

Para preservar o ecosistema fluvial non se actuará sobre a vexetación autóctona nas zonas do contorno dos cursos de auga (zona de servidume e policía).

- Evitarse a chegada de residuos de orixe vexetal e especialmente os de orixe artificial, ós cursos de auga.
- Na preparación do terreo, óptase pola preparación puntual, para evitar posibles arrastres de terra ós cursos de auga.
- O mantemento diario da maquinaria, farase a máis de 100 metros de calquera curso de auga.
- As zonas de estacionamento da maquinaria, localizaranse a máis de 100 metros de calquera curso de auga.

Por último, deberase cumprir con toda a lexislación en materia de augas.

6.1.3. Medidas preventivas sobre a flora

- Como medida preventiva de cara á conservación do hábitat restrinxirase a circulación da maquinaria ás pistas forestais.

- Co fin de evitar afeccións aos hábitats de interese comunitario e tendo en conta ás directrices de conservación que establece o Plan director preservárase, dentro da rede Natura, a vexetación natural nas superficies onde o terreo presente pendentes superiores ó 50%.
- Na preparación do terreo óptase pola preparación puntual para evitar procesos erosivos.
- Na superficie, fóra da rede Natura, que conforma o cuartel 003, manterase igualmente a vexetación natural, na maior parte das zonas onde o terreo teña pendentes superiores ó 50%. En consecuencia, só se planifican actuacións de forestación en 48,14 ha das 184,17 ha totais que ten o cuartel 003.
- Coa finalidade de reducir a fragmentación do hábitat de matogueira, deseñáronse as forestacións en superficies continuas de non máis de 10 ha.
- Tanto dentro como fóra da rede Natura, respectaranse os pés das especies autóctonas; incluídas as mouteiras de rexenerado.
- Deséñase un cuartel protector (001), dunhas 865,90 ha de superficie, que engloba as zonas rochosas, para a conservación dunha grande proporción de taxóns vexetais de carácter endémico.
- Tanto dentro como fóra de rede Natura, conservaranse as especies de frondosas autóctonas e a vexetación de ribeira asociada aos cursos de auga.
- Na captación de abastecemento dos puntos de auga, aproveitarase soamente unha parte do caudal existente, manténdose sempre auga circulando polo curso natural augas abaixo do punto de captación, coa finalidade de evitar repercusións negativas sobre os hábitats.

6.1.4. Medidas preventivas sobre a fauna

A fauna máis vulnerable está asociada á vexetación herbácea, cultivos de cereal e tamén a ambientes de bosque de ribeira. En todo caso establécense as seguintes medidas preventivas:

- A totalidade dos traballos executados con maquinaria, realizaranse fóra da época de nidificación das especies de fauna, é dicir, dende o 1 de abril ata o 15 de xuño.
- Antes do inicio de calquera traballo, realizarase unha prospección da zona, para verificar a ausencia de niños das especies máis vulnerables.
- Dada a situación da actuación, nunha zona limítrofe coa área de distribución potencial para o oso pardo (***Ursus arctos***), estableceranse as seguintes medidas:
 - Conservaranse tódalas formacións vexetais existentes na zona de actuación produtoras de froitos carnosos, tales como arandeiras (*Vaccinium myrtillus*).
 - Nas forestacións optarase por especies produtoras de froito, como é o caso do castiñeiro, 3,51 ha propostas e da cerdeira (15,11 ha).
 - Conservaranse todas as masas de frondosas autóctonas, representativas do hábitat para o oso, tanto dentro como fóra da rede Natura.
 - No caso da aguia real (***Aquila chrysaetos***), que cría maiormente en rochedos aínda que tamén pode facelo en piñeiros e tendo en conta que o hábitat preferido pola especie son os espazos abertos de vexetación natural, realizaranse as forestacións en superficies continuas de non máis de 10 ha, para evitala fragmentación do hábitat de matogueira, máis propicio para esta especie.
 - Deséñase un cuartel protector (001), dunhas 865,90 ha de superficie, que engloba as zonas onde predominan os afloramentos rochosos, que son biótopos nos que desenvolven partes fundamentais dos seus ciclos vitais numerosas especies de aves de prea e rapaces, incapaces de realizar as súas postas noutros ambientes.
 - Para a protección da toupa de río (*Galemys pyrenaicus*), non se actuará sobre a vexetación das marxes dos ríos, que poden afectar tanto os lugares de aniñado como á insolación do leite e á elevación das temperaturas da auga.

Así mesmo vixiarase, que non se produza ningún tipo contaminación nos regos máis próximos, durante a execución dos traballos planificados.

- No caso de atoparse nas fases de roza e preparación do terreo, con algunha especie animal incluída no Catálogo Galego de Especies Ameazadas, comunicarase este feito ao Servizo de Conservación da Natureza de Lugo e, se é o caso, solicitar a correspondente autorización administrativa, segundo o artigo 11 do Decreto 88/2007, polo que se regula o catálogo mencionado.
- Para a protección do galápago europeo (*Emys orbicularis L.*), vixiarase a calidade das augas dos ríos máis próximos como son o *regueiro de val da cova* e dous regatos sen nome, tributarios do mesmo.
- Na captación de abastecemento dos puntos de auga, aproveitarase soamente unha parte do caudal existente, manténdose sempre auga circulando polo curso natural augas abaixo do punto de captación, coa finalidade de evitar repercusións negativas sobre as especies.
- Ao comezo dos traballos levarase a cabo unha prospección da zona, que permita localizar e delimitar as áreas de nidificación ou cría.

6.1.5. Medidas preventivas sobre a paisaxe

As medidas preventivas de cara á integración paisaxística son as seguintes:

- As actuacións de repoboación realizaranse en varios anos e con certa separación espacial
- Intercalaranse, na medida do posible, coníferas (*Pinus sylvestris*) con frondosas (*Castanea x hybrida* e *Prunus avium*), estas últimas máis representativas da paisaxe da zona, atenuando desta maneira o impacto visual.
- A reforestación realizarase en superficies continuas de non máis de 10 ha, de modo que se atenúe o efecto sobre a paisaxe.

- As actuacións realizaranse evitando os trazados rectilíneos, logrando maior sensación de naturalidade e integración paisaxística.

En relación coa construción de dous puntos de auga, terase en conta o seguinte:

- Para conseguir a integración na paisaxe, os depósitos irán cubertos de pedra propia do entorno, de maneira que non sexa visible ningún muro de formigón.
- O peche exterior obrigatorio, realizarase con postes de madeira, elementos tradicionais.

6.1.6. Medidas preventivas sobre a socioeconomía

Á vista dos diferentes indicadores socioeconómicos, as actuacións de reforestación terán un efecto positivo. En todo caso, establécense as seguintes medidas preventivas:

- Tratarase de empregar persoal local sempre que sexa posible, durante os traballos de plantación e os de mantemento.

6.1.7. Medidas preventivas sobre o patrimonio

Aínda que non se prevén afeccións aos elementos do patrimonio establecerase as seguintes medidas de carácter preventivo:

- Se durante a execución das actuacións se localizase algún elemento do patrimonio, non catalogado, informarase de xeito inmediato ó Servizo de Patrimonio Cultural de Lugo.

6.1.8. Medidas preventivas sobre a saúde

Co obxectivo de diminuír as molestias por ruído, fundamentalmente os veciños de Vilarmel:

- Evitarase a realización dos traballos mecanizados durante o período nocturno, debendo respectar os horarios de descanso dos veciños de Vilarmel.
- Respectaranse os valores establecidos no Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído, que sexan de aplicación, así como o Decreto 106/2015 sobre contaminación acústica de Galicia.
- Revisaranse de maneira periódica os elementos de redución do ruído (silenciadores, elementos anti-vibración, etc.) de toda a maquinaria empregada na obra, coa finalidade de reducir o ruído xerado durante o seu financiamento.
- A maquinaria non permanecerá acesa cando non se utilicen, diminuíndo deste xeito a emisión de ruído e reducindo o consumo enerxético.

6.1.9. Medidas preventivas sobre o aire

Para minimizar as emisións de po e gases á atmosfera establécense as seguintes medidas preventivas:

- A maquinaria a empregar nas labores de repoboación cumprirá coa normativa de emisións que lle resulte de aplicación, debendo dispor de documentación acreditativa ao respecto, así como a ITV en vigor.
- Na elección da maquinaria participante na obra, primarase a aquela que dispoña de características ambientais máis favorables en relación coa emisión de gases e rúidos.
- Intentarase que as actuacións se leven a cabo en días de pouco vento, para reducir a xeración de po.
- Os vehículos e maquinaria de nova xeración, participantes na execución da obra, empregarán combustibles ecolóxicos tipo biodiesel, que reducen as emisións contaminantes.

- Se fora necesario humedeceranse as zonas de tránsito de maquinaria propensas ás emisións de po.
- Os lubricantes utilizados para o engrase da maquinaria pesada participante serán de tipo ecolóxico, exentos de substancias prexudiciais para a saúde como benzol, compostos aromáticos e/ou xofre.
- Traballarase ás revolucións recomendadas polo fabricante co obxectivo de diminuír os gases contaminantes xerados durante a execución dos traballos.

6.2. Medidas preventivas en fase de explotación.

Unha vez establecidas as repoboacións, os efectos sobre os distintos factores do medio son positivos se ben as claras, nas zonas onde hai risco de erosión, deberán ser moderadas, sendo o tipo máis adecuado para a protección do solo.

7. Programa de Vixilancia Ambiental

A vixilancia ambiental pode definirse como o proceso de control e seguimento dos aspectos ambientais das actuacións contempladas e propostas. Ten por función básica establecer un sistema que garanta o cumprimento das indicacións e medidas preventivas e correctoras contidas no presente documento, así como nos complementarios ou accesorios se a súa elaboración se fixese necesaria pola tipoloxía de proxecto de execución dunha determinada obra.

Polo tanto, o proceso de vixilancia ambiental velará porque a actividade se realice de acordo co previsto na presente Avaliación de Impacto Ambiental Ordinaria e na documentación restante, que poida existir, vinculada ós traballos.

En resumo o Plan de Vixilancia Ambiental ten os seguintes obxectivos:

- Detectar e corrixir desviacións, con relevancia ambiental, respecto ao previsto no proxecto.
- Supervisar a correcta execución das medidas ambientais.
- Determinar a necesidade de suprimir, modificar ou introducir novas medidas.
- Seguimento da evolución dos elementos ambientais relevantes.

Na fase de explotación pretende o seguinte:

- Verificar a correcta evolución das medidas aplicadas na fase de obras.
- Seguimento da resposta e evolución ambiental do contorno á implantación da actividade.

A continuación móstranse as medidas recollidas no Programa de Vixilancia Ambiental así como o persoal responsable da vixilancia de cada unha delas, o inicio, a duración e a frecuencia (diaria, semanal, etc.)

PROGRAMA DE VIGILANCIA AMBIENTAL SOBRE AS MEDIDAS CORRECTORAS, PROTECTORAS E COMPENSATORIAS DURANTE A EXECUCIÓN DO PROXECTO

MEDIDA	RESPONSABLE	INICIO	DURACIÓN	FRECUENCIA
Deseñárase unha zona de estacionamento de maquinaria a unha distancia de máis de 100 m dos cursos de auga existentes, na que se realizará o mantemento mínimo diario da mesma.	Director de obra	Antes do comezo das obras		
Utilización de métodos de preparación puntual tanto dentro como fóra do espazo da rede Natura.	Xefe de cuadrilla	Ao comezo das obras de apertura de ocos	Durante a execución das obras	Sempre que se realicen os traballos de apertura de ocos
Sempre que a pendente o permita traballar en curvas de nivel	Xefe de cuadrilla e Director de obra	Ao comezo dos traballos de roza	Durante a execución dos traballos de roza	Sempre que se realicen os traballos de roza
Non se realizará ningún traballo en períodos de choiva intensa	Xefe de cuadrilla e Director de obra	Ao comezar as obras	Durante a fase de execución	Diaria
Non se actuará sobre a vexetación autóctona nas zonas de contorno dos cursos de auga (zona de servidume e policía)	Xefe de cuadrilla e Director de obra	Ao comezar as obras	Durante a fase de execución	Diaria
A circulación da maquinaria restrinxirase, na medida do posible, ás pistas forestais	Xefe de cuadrilla e Director de obra	Ao comezar as obras	Durante a fase de execución	Diaria
No caso de atoparse nas fases de roza e preparación do terreo, con algunha especie animal incluída no Catálogo Galego de Especies Ameazadas, comunicárase este feito ao Servizo de Conservación da Natureza de Lugo e, se é o caso, solicítala correspondente autorización administrativa, segundo o artigo 11 do Decreto 88/2007, polo que se regula o catálogo mencionado.	Xefe de cuadrilla e Director de obra	Ao comezar as obras	Durante a fase de execución	Diaria
Ao realizar as actuacións de roza evítanse os trazados rectilíneos, logrando maior sensación de naturalidade.	Xefe de cuadrilla e Director de obra	Ao comezar as obras	Durante a fase de execución	Diaria
Se durante a execución das actuacións aparece algún elemento do patrimonio, non catalogado, informarase de xeito inmediato ó Servizo de Patrimonio Cultural de Lugo.	Xefe de cuadrilla e Director de obra	Ao comezar as obras	Durante a fase de execución	Diaria
Non se realizará ningún traballo durante o período nocturno coa finalidade de respectar os horarios de descanso dos veciños do lugar de Vilarmel.	Xefe de cuadrilla e Director de obra	Ao comezar as obras	Durante a fase de execución	Diaria
A maquinaria a empregar nas labores de repoboación disporá da ITV en vigor	Xefe de cuadrilla e Director de obra	Ao comezar as obras	-	Cada vez que entre unha máquina na obra
Realizarase un mantemento correcto da maquinaria	Xefe de cuadrilla e Director de obra	Antes de iniciar cada xornada de traballo	Durante a fase de execución	Diaria
As actuacións levaranse a cabo en días de pouco vento para reducir a xeración de po	Xefe de cuadrilla e Director de obra	Ao comezar as obras	Durante a fase de execución	Diaria

PROGRAMA DE VIGILANCIA AMBIENTAL SOBRE AS MEDIDAS CORRECTORAS, PROTECTORAS E COMPENSATORIAS DURANTE A EXECUCIÓN DO PROXECTO				
MEDIDA	RESPONSABLE	INICIO	DURACIÓN	FRECUENCIA
Vixiarase a aparición de depósitos de sedimentos no regueiro de Val da Cova, o máis próximo á zona de actuación	Xefe de cuadrilla e Director de obra	Ao comezar as obras	Durante a fase de execución	Semanal
Controlar a compactidade do terreo producida polo paso de maquinaria e vehículos todoterreo	Xefe de cuadrilla e Director de obra	Ao comezar as obras	Durante a fase de execución	Semanal
O mantemento diario da maquinaria farase a máis de 100 metros de calquera curso de auga	Xefe de cuadrilla e Director de obra	Ao comezar as obras	Durante a fase de execución	Diario
Controlarase que as obras se executen conforme ao proxecto, conservando aquelas zonas de pendentes superiores ó 50%	Xefe de cuadrilla e Director de obra	Ao comezar as obras	Durante a fase de execución	Diario
Na execución dos traballos de forestación, verificarase que as superficies sexan as planificadas no proxecto, de maneira que se non superen as 10 ha continuas.	Xefe de cuadrilla e Director de obra	Ao comezar as obras	Durante a fase de execución	Diario
Verificarase que os puntos de auga se constrúan de acordo co especificado en materia de integración paisaxística fundamentalmente en relación coa cubrición do formigón con pedra propia do entorno e co peche exterior mediante postes de madeira	Xefe de cuadrilla e Director de obra	Ao comezar as obras	Durante a fase de execución	Semanal
Tanto dentro como fóra do espazo da rede Natura, inspeccionarase a zona de actuación, para verificar a existencia de froitos carnosos tales como arandeiros, e no caso da súa existencia marcaranse de forma visible para garantir a súa conservación	Xefe de cuadrilla e Director de obra	Ao comezar as obras		
Verificarase o tránsito de maquinaria sexa o máis afastado posible dos cursos de auga para a protección das especies asociadas ós mesmos tales como o <i>Emys orbicularis</i> L.	Xefe de cuadrilla	Ao comezar as obras	Durante a fase de execución	Diario
Controlarase a existencia, nas zonas de actuación, dalgún elemento do patrimonio, non catalogado, e caso de localizalo, informarse de xeito inmediato ó Servizo de Patrimonio Cultural de Lugo.	Xefe de cuadrilla	Ao comezar as obras	Durante a fase de execución	Diario

Táboa 16. Programa de Vixilancia Ambiental.

8. Documento de síntese

8.1. Introducción

O documento de síntese ten como finalidade resumir o contido do estudo de impacto ambiental de xeito que a súa información sexa facilmente comprensible.

O presente estudio de impacto ambiental elabórase con motivo da realización do proxecto de ordenación do Monte Veciñal en Man Común de Montouto (MVMC).

A maior parte da superficie do monte está catalogada como Zona de Especial Conservación Ancares-Courel da Rede Natura 2000, zonificado como “Zona 2 area Área de Conservación.

Para acadar os obxectivos que se propón coa ordenación do MVMC de Vilarmel, planifícanse unha serie de actuacións no plan especial, organizadas no espazo e no tempo, cunha vixencia de 10 anos, dende o 15 de novembro de 2019 ata o 15 de novembro de 2029.

A necesidade de realizar o presente estudo de impacto ambiental débese á inclusión, no plan especial, da reforestación dunha superficie total acumulada superior a 10 hectáreas.

8.2. Obxectivos do proxecto

O proxecto presenta o obxectivo de produción de madeira de piñeiro silvestre, castaño e cerdeira; ademais da protección e mantemento fauna e flora característica da zona.

8.3. Situación administrativa e localización

O proxecto localízase no lugar de Vilarmel, pertencente á parroquia de Vilarmel no municipio de Quiroga (Lugo).

8.4. Pertenza

O MVMC de "Montouto" é propiedade en man común dos veciños do lugar de Vilarmel, integrados na Comunidade de Monte Veciñal en Man Común (CMVMC) de Vilarmel.

8.5. Superficie do monte

A superficie ordenada é de 1.525 ha, das que 30 ha, están actualmente formadas por masas arboradas procedentes de repoboación e 45 ha formadas por frondosas caducifolias.

8.6. Alternativas propostas

Propóñense tres alternativas. A alternativa 0, correspóndese coa decisión de non realizar plantacións. A alternativa 1, propón a plantación de 61,49 ha con masas de piñeiro silvestre (42,86 ha), castiñeiro (3,52 ha) e cerdeira (15,11 ha). Das 61,49 ha totais, 13,35 ha estarían dentro do espazo da rede Natura e as 48,14 ha restantes, localizaríanse fóra da mesma. A alternativa 2 propón a plantación unicamente con piñeiros, 65,09 ha con piñeiro silvestre e 26,51 ha con piñeiro do país. Nesta alternativa, das 91,60 ha totais, 26,59 ha estarían dentro do espazo da rede Natura e as 65,01 ha restantes, localizaríanse fóra da mesma.

Por último, a alternativa 3, propón o aproveitamento de pastos.

8.7. Alternativa seleccionada

Seleccionouse a alternativa 1 como a máis axeitada xa que permite obter unha maior rendibilidade económica para a comunidade de montes e ó mesmo tempo ten un menor impacto sobre a paisaxe e sobre o espazo da rede Natura.

A continuación resúmense as actuacións propostas na alternativa seleccionada:

- Repoboación con piñeiro silvestre dunha superficie de 9,83 ha en zona de Rede Natura e 33,03 ha fóra desta.
- Repoboación con castiñeiro dunha superficie de 3,52 ha, todas elas dentro da Rede Natura.
- Repoboación con cerdeira dunha superficie de 15,11 ha todas elas fóra da Rede Natura.

8.8. Inventario ambiental

A continuación resúmese os principais elementos do medio que caracterizan ó entorno de actuación.

8.8.1. Clima

Para a caracterización do clima, empregáronse os datos da Estación meteorolóxica da Conchada, situada no municipio de Quiroga. Resúmese o seguinte:

- As temperaturas medias mensuais oscilan entre os 3,6 °C de xaneiro e os 18,0 °C de agosto.
- A estación media libre de xeadas comeza o 20 de abril e remata o 31 de novembro.

- As precipitacións medias mensuais oscilan entre os 131,8 mm no mes de outubro e os 15,3 do mes de agosto, sendo a precipitación anual de 967,4 mm.
- O período seco abrangue os meses de xullo e agosto.

8.8.2. Orografía

A altitude do monte está comprendida entre os 416 e os 1.526 metros. As pendentes son fortes, chegando a superar o 60% en moitas zonas. A pendente e a altitude foron un dos principais condicionantes á hora de establecer as zonas máis aptas para a repoboación.

8.8.3. Fauna

Analizáronse as especies de fauna que poden estar presentes na área de actuación ou nas proximidades, en función do Inventario Español de Especies Terrestres do Ministerio para la Transición Ecológica.

As especies máis vulnerables son as seguintes: *Circus pygargus*, *Discoglossus galganoi*, *Salamandra salamandra*, *Aquila chrysaetos*, *Ursus arctos* e *Emys orbicularis*. A hora de elixir as zonas a repoboar, tamén se tiveron en conta os hábitats preferidos por estas especies de maneira que estes destináronse como zonas con obxectivo protector.

8.8.4. Espazos naturais

Gran parte da superficie afectada polo Proxecto de Ordenación atópase dentro da Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (**ZEPVN**) denominada: **Os Ancares - O Courel**, concretamente 1.307 ha. O hábitat máis representativo da área de actuación é o **4030 Queirogais secos europeos (queirogais, uceiras e carpazais)**.

Toda a zona de actuación localízase dentro dos límites do Xeoparque Mundial da UNESCO "Montañas do Courel", tendo, polo tanto, a consideración de área protexida por instrumentos internacionais (*Lei 5/2019, do 2 de agosto e Lei 42/2007, do 13 de decembro*).

8.8.5. Medio cultural

No monte e no lugar de Vilarmel, atópanse numerosos elementos do patrimonio, recollidos no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Quiroga. Os máis destacados son as alvarizas, antigas construcións que tiñan por función principal protexelas colmeas contra o oso.

8.8.6. Análise demográfica

O entorno demográfico da área de actuación caracterízase pola perda de poboación continuada como así reflicten os datos do Instituto Galego de Estatística. A parroquia de Vilarmel, na que se localiza o monte veciñal, conta tan só con 24 habitantes e cunha densidade de 0,86 hab./km², que é unha das máis baixas do municipio.

A estrutura demográfica do municipio, caracterízase por presentar unha pirámide invertida, cunha baixa natalidade e elevado avellentamento da poboación.

Dadas as condicións demográficas, as actuacións propostas no proxecto de ordenación, van dirixidas á mellora do nivel económico e á fixación da poboación no lugar de Vilarmel.

8.9. Identificación e valoración de impactos

As actuacións propostas que xerarán maior impacto son as derivadas da implantación das masas forestais como o tratamento da vexetación

preexistente mediante rozas mecanizadas e a posterior preparación do terreo coa apertura de ocos.

Na fase de explotación, os tratamentos silvícolas e as labores de mantemento da repoboación terán efectos non significativos sobre os elementos do medio.

Os principais **impactos negativos** son os seguintes:

- Incremento da erosión do solo dada a orografía do terreo, sendo o impacto compatible ao realizar unha preparación puntual do terreo.
- Eliminación da cuberta vexetal pola roza mecanizada que afectaría fundamentalmente a un queirogal. Este impacto valórase como moderado ao non supor unha redución apreciable do estado de conservación do hábitat prioritario4030, dada a pequena superficie afectada (menos do **5%** da superficie do monte).
- Impacto paisaxístico das actuacións, se ben considérase un impacto moderado, debido a que na selección da alternativa tívose en conta a integración paisaxística.

Os **impactos positivos** danse na fase de explotación, sendo os máis destacables os seguintes:

- Mitigación do cambio climático, grazas á fixación de CO₂.
- Mellora do nivel económico dos veciños do lugar de Vilarmel.

8.10. Medidas preventivas

As medidas preventivas, máis relevantes, que teñen como finalidade evitar a aparición de efectos ambientais negativos ou mitígalos son as seguintes:

- Para a preparación do terreo óptase por métodos de preparación puntual.

- Traballan sempre que a pendente e a maquinaria o permita en curvas de nivel.
- Restrinxirase a circulación da maquinaria ás pistas forestais.
- Intercalaranse, na medida do posible, piñeiros con castiñeiro e cerdeira, atenuando desta maneira o impacto visual.
- A maquinaria a empregar cumprirá coa normativa de emisións e deberá dispor da Inspección Técnica en vigor.
- As actuacións de repoboación realizaranse en varios anos e en superficies continuas de non máis de 10 ha, tanto dentro como fóra do espazo da rede Natura.
- Para a preparación do terreo optarase por métodos como a preparación puntual, que teñen menor incidencia nos fenómenos erosivos.
- A superficie que conforma o cuartel 003, toda ela fóra da rede Natura, manterase a vexetación natural, na maior parte das zonas onde o terreo teña pendentes superiores ó 50%. En consecuencia, só se planifican actuacións de forestación en 48,14 ha das 184,17 ha totais que ten o cuartel 003.
- Deseñouse un cuartel protector (001), de 865,90 ha de superficie, que engloba as zonas dominadas pola presenza de afloramentos rochosos, para a conservación dunha grande proporción de taxóns vexetais de carácter endémico. Ademais, servirá para que as aves rapaces, tales como a agúa real, aninhen nestas zonas.
- Tanto dentro como fóra de rede Natura, conservaranse as especies de frondosas autóctonas e a vexetación de ribeira asociada aos cursos de auga.
- Na captación de abastecemento dos puntos de auga, aproveitarase soamente unha parte do caudal existente,

manténdose sempre auga circulando polo curso natural augas abaixo do punto de captación, coa finalidade de evitar repercusións negativas sobre os hábitats.

- Nas forestación, optouse por especies produtoras de froito, como o castiñeiro e a cerdeira, que teñen efectos beneficios para a fauna, tanto pola creación de novos nichos ecolóxicos como polo aumento da dispoñibilidade de alimentación.
- Para a protección de *Galemys pyrenaicus* e *Emys orbicularis*, non se actuará sobre a vexetación de ribeira, e vixiarase a calidade das augas dos ríos máis próximos.
- En materia de integración paisaxística, evítanse as actuacións con trazados rectilíneos e as reforestacións realizaranse en superficies continuas de non máis de 10 ha.
- Na construción dos puntos de auga, empregárase pedra propia do entorno, para o recubrimento do formigón ademais de utilizar postes de madeira no peche exterior dos mesmos.
- Para reducir a fragmentación do hábitat de matogueira, deseñáronse as forestacións en superficies continuas de non máis de 10 ha.

En Lugo, 09 de febreiro de 2021

O/A Técnico/a Redactor/a
GONZALEZ FEIJOO
MARIA DEL CARMEN
- 44493450L

Firmado digitalmente por
GONZALEZ FEIJOO MARIA DEL
CARMEN - 44493450L
Fecha: 2021.11.17 12:13:45
+01'00'

Fdo.: María del Carmen Gonzalez Feijóo
Enxeñeira de Montes
Enxeñeira T. Forestal (Colexiada nº 1263 do
COETFG)

O/A Técnico/a Redactor/a


Fdo.: Ana López Álvarez
Enxeñeira de Montes
Colexiada nº 4.689

PLANOS

PLANOS


Plano 01. Plano de localización e situación.

Plano 02. Plano de actuacións.



Lenda

- Superficie de Ordenación
- Superficie de Actuación




Descrición: Estudo de Impacto Ambiental da Forestación de 61.4879 ha do MVMC de Montouto	Promotor: Comunidade de Motes Veciñais en Man Común de Vilamel	Plano Nº: 01	Plano de Localización e situación	Escala: Varias	

XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

 MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN
 LEONARDO DE CÁDIZ

 FEADER: Europa inviste no rural



LEND A


Hábitats

- 3260-Ríos dos pisos basal a montano
- 4030-Queirogais secos europeos
- 6520-Prados de sega de montaña
- 8230-Rochedos silíceos con vexetación pioneira
- 91E0-Bosques aluviais de Alnus glutinosa e Fraxinu
- 9230-Carballeiras galaico-portugueses con Quercus
- 9260-Soutos
- Masa Conífera- Pinus pinaster
- Masa conifera- Pinus sylvestris

As novas plantacións, previstas dentro e fóra da ZEC "Ancares-Courel", afectarían a superficie inventariada dentro da UA-310, dominadas polo hábitat de interese comunitario denominado "Queirogais secos europeos", incluído no anexo I da Directiva Hábitats co código 4030.



Descrición: Estudio de Impacto Ambiental da Forestación de 61,4879 ha do MVMC de Montouto	Promotor: Comunidade de Motes Veciñais en Man Común de Vilarmel	Plano N°: 02	Plano de Hábitats	Escala: 1:15.000	
Situación: Lugar de Vilarmel - Quiroga (Lug)	Autora: Ana López Álvarez <small>Enxeñaría de Montes, Colexiada nº 4.689</small> María del Carmen González Feijóo <small>Enxeñaría Técnica Forestal, Colexiada nº 1.263 polo COEITFG</small>	Data: 02/2021	Sistema de Coordenadas: ETRS89 UTM ZONE 29N	Firma:	



Lenda	
	Canteira
	Masa arborada de Frondosas
	Masa Arboradas de Coníferas
	Rede de Xestión de Biomasa
	Matogueira
	Actuacións Plan Especial
	Área devasa-2024
	Construción depósito de auga
	Construción depósito de auga
	Reforestación Castanea x hibryda-2022
	Reforestación con Pinus Sylvestris-2022
	Reforestación con Pinus Sylvestris-2024
	Reforestación con Pinus Sylvestris-2025
	Reforestación con Pinus Sylvestris-2027
	Reforestación con Pinus Sylvestris-2028
	Reforestación con Prunus avium-2023
	Reforestación con Prunus avium-2024



	Descrición: Estudio de Impacto Ambiental da Forestación de 61,4879 ha do MVMC de Montouto	Promotor: Comunidade de Motes Veciñais en Man Común de Vilarmel	Plano N°: 03	Plano de Actuacións	Escala: 1:15.000	
	Situación: Lugar de Vilarmel - Quiroga (Lug)	Autora: Ana López Álvarez Enxeñaría de Montes, Colexiada nº 4.689 María del Carmen González Feijóo Enxeñaría Técnica Forestal, Colexiada nº 1.263 polo COEITFG	Data: 02/2021		Sistema de Coordenadas: ETRS89 UTM ZONE 29N	

**ESTUDO DE IMPACTO E
INTEGRACIÓN
PAISAJÍSTICA**

MEMORIA

ÍNDICE MEMORIA

1. Datos xerais	5
1.1. Introducción	5
1.2. Denominación da Actuación.....	5
1.3. Datos do promotor	7
1.4. Equipo redactor	7
1.5. Situación	8
1.6. Localización	8
1.7. Superficie da parcela ou parcelas nas que se implantará a actuación e superficies de actuación.	9
1.8. Normativa de aplicación e outras afeccións.....	9
1.8.1. Normativa Urbanística	9
1.8.2. Lexislación Sectorial en Montes	10
1.8.3. Normativa Hidrográfica	10
2. Caracterización da Actividade	11
2.1. Condicionantes técnicos da actividade	12
2.2. Programa funcional.....	13
3. Caracterización da paisaxe	13
3.1. Análise.....	15
3.1.1. O ámbito de estudio ou afección.....	15
3.1.2. As unidades da paisaxe.....	19
3.1.3. Os elementos.....	21
3.1.3.1. Estruturais.....	21
3.1.3.2. Texturais	22
3.1.4. As relacións	23
3.1.4.1. Estruturais.....	23
3.1.4.2. Formais ou Estéticas.....	23
3.1.4.3. Ecolóxicas	24
3.2. Dinámicas	25
3.3. Valoración	28
3.3.1. Valores tanxible	29
3.3.1.1. Valores ecolóxicos	29
3.3.1.2. Valores Históricos.....	29
3.3.1.3. Valores produtivos	30
3.3.2. Valores intanxibles.....	31

4.	Caracterización do proxecto	32
4.1.	Estratexia de integración.....	32
4.1.1.	Naturalización.....	33
4.1.2.	Fusión	33
4.1.3.	Ocultación	33
4.2.	Medidas de integración paisaxística	33
4.2.1.	Preventivas.....	34
4.2.2.	Correctivas.....	35
4.2.3.	Compensatorias.....	35
4.3.	Análise de alternativas.....	35
4.4.	Descrición do proxecto	36
4.5.	Obxectivos de calidade paisaxística.....	37
4.5.1.	Gande Área Paisaxística encaixadas do Miño Sil	38
4.5.2.	Grande Area Paisaxística Serras Orientais	38
4.6.	Directrices da paisaxe	39
4.7.	Xustificación da incorporación dos obxectivos de calidade paisaxística e das directrices da paisaxe.....	40
5.	Impactos do proxecto	42
5.1.	Grupo de impactos sensorias	43
5.1.1.	Visuais	43
5.1.2.	Sonoros	43
5.2.	Grupo de impactos sobre a funcionalidade paisaxística.....	43
5.2.1.	Sobre a funcionalidade social e económica	43
5.2.2.	Sobre a funcionalidade xeosistémica.....	44
5.3.	Grupos de impacto sobre o significado histórico	44
5.3.1.	Sobre o patrimonio herdado.....	44
5.3.2.	Sobre lugares de interese histórico	45
5.4.	Grupo de impactos estéticos	45
5.5.	Grupo de impactos sobre o patrimonio natural ou científico.....	46
5.5.1.	Sobre valores naturais	46
5.5.2.	Sobre a perda de información científica e ambiental.....	46
6.	Síntese	46

ÍNDICE DE TÁBOAS

Táboa 1.	Situación de localización	8
Táboa 2.	Referencia catastral onde se localizan as actuacións.	9
Táboa 3.	Áreas e unidades paisaxísticas	13

ÍNDICE DE IMAXES

Imaxe 1. Conca visual dende os núcleos de poboación	17
Imaxe 2. Conca visual dende as principais estradas.....	17
Imaxe 3. Conca visual dende os principais elementos singulares	18
Imaxe 4. Conca visual agrupando todos os puntos de observación.....	18
Imaxe 5. Unidades da paisaxe segundo a cuberta.....	20
Imaxe 6. Voo americano serie B, 1956-1957	27
Imaxe 7. Ortofoto 2017.....	27
Imaxe 8. Ortofoto 2017. Zona de actuación	28
Imaxe 9. . Voo americano serie B, 1956-1957. Zona de Actuación.....	28
Imaxe 10. Programación das actuacións durante o próximo plan especial	42

1. Datos xerais

1.1. Introducción

A Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia e o Plan Territorial Integrado do litoral de Galicia, regulan as actuacións suxeitas a Estudos de Impacto de Integración da Paisaxe, no seu artigo 11 "Estudios de impacto ambiental paisaxística" establece:

"En todos os proxectos que deban someterse ao procedemento de Declaración de impacto ambiental, segundo se establece na legislación sectorial vixente, as entidades promotoras deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística, documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas polas devanditas entidades"

Para a elaboración deste documento seguíronse as indicacións propostas na *Guía de Impactos e Integración Paisaxística*, publicada pola xunta de Galicia

1.2. Denominación da Actuación

As actuacións a realizar no proxecto durante o plan especial, cunha vixencia de 10 anos (2019-2029), estrutúranse da seguinte forma:

- **Forestación:** efectuarse sobre as unidades de inventarios ocupadas na actualidade por matogueiras, "4030. Queirogas secos europeos". Atendendo os condicionantes do monte decantouse por *Pinus sylvestris*, *Castanea x hybrida* e *Prunus avium*.
- **Tratamentos silvícolas:** sobre as masas forestais existentes e as novas forestacións segundo *ORDE do 19 de maio de 2014 pola que se*

establecen os modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos e referentes de boas prácticas forestais para os distritos forestais de Galicia:

- **Aproveitamentos madeireiros:** efectuaranse sobre as masas arboradas de *Pinus pinaster* e *Pinus sylvestris*, nas cales están proxectadas a realización de cortas mellora con aproveitamento comercial.
 - **Poda, rozas e tallas de formación:** teñen un dobre obxectivo por un lado a mellora da calidade da madeira, dando cumprimento ós modelos silvícolas, e por outro é unha medida preventiva contra os incendios forestais, pois rompe a continuidade vertical do combustible forestal.
- **Actuacións de mellora:** encamiñadas a mellorar o estado do monte e dar cumprimento a lexislación vixente, en materia de defensa e prevención de incendios e na xestión dos MVMC. No plan especial inclúense as seguintes actuacións:
- **Creación de área devasa:** consiste na roza do mato, medida preventiva contra os incendios forestais, realizadas sobre unidades de inventario con mato, 4030. Queirogas secos europeos", que permitan romper a descontinuidade horizontal de combustible forestal.
 - **Establecemento Redes de Xestión de Biomasa (RXB):** rozas para a creación das RXB - terciarias - dando cumprimento a *Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia*.
 - **Conservación de Infraestruturas:** actuacións encamiñadas a manter as infraestruturas do monte - pistas forestais, faixas auxiliares, áreas de devasas, puntos de auga – en boas condicións para o seu correcto servizo.

- **Creación de punto de auga:** creación de dous puntos de auga para a protección dos valores naturais. A zona de actuación está clasificada segundo Orde. do 18 de abril do 2007 pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal, como Zona de Alto Risco de incendios.
- **Deslinde e amolloamento:** prográmase o deslinde tanto entre comunidades de montes como entre propietarios para dar solución legal os conflitos entre lindeiros de forma definitiva.

1.3. Datos do promotor

A entidade promotora é a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común (CMVMC) de Vilarmel propietaria do Monte Veciñal en Man Común (MVMC) de Montoutos, sobre o cal se proxectan as actuacións.

1.4. Equipo redactor

A Comunidade de Montes de Vilarmel encargou a realización do Proxecto de Ordenación do MVMC de Montouto a empresa SERAGRIVIFOR, S.L, realizando ditos proxectos coa colaboración dun equipo multidisciplinar de enxeñeiros, da seguinte forma:

- O Proxecto de Ordenación Forestal do MVMC de Ventosas foi dirixido por Ana López Álvarez, Enxeñeira de Montes colexiada nº 4.689 polo *Colegio Oficial de Ingenieros de Montes*, como técnica redactora, e nos traballos de gabinete e campo colaborou María del Carmen González Feijóo, Enxeñeira Técnica Forestal colexiada n 1.263 polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia (COETFG).

- O Estudo de Impacto Ambiental foi realizado por María del Carmen González Feijóo, Enxeñeira Técnico Forestal colexiada nº 1.263 polo COETFG, e nos traballos de campo colaborou Ana López Álvarez, Enxeñeira de Montes colexiada nº 4.689 polo Colegio Oficial de Ingenieros de Montes.
- O Estudo de Impacto e Integración Paisaxística foi realizado por María del Carmen González Feijóo, Enxeñeira Técnico Forestal colexiada nº 1.263 polo COETFG en colaboración con José Diego Cabado Lema, Enxeñeiro Técnico Forestal colexiado nº 1.264 polo COETFG e Ana López Álvarez, Enxeñeira de Montes colexiada nº 4.689 polo Colegio Oficial de Ingenieros de Montes.

1.5. Situación

As actuacións realizárase dentro do Monte Veciñal en Man Común na localización que se detalla na seguinte táboa.

LUGAR	Vilarmel
PARROQUIA	Vilarmel
MUNICIPIO	Quiroga
BISBARRA	Quiroga
DISTRITO	Distrito Forestal VIII. Terra de Lemos- SARRIA
PROVINCIA	LUGO

Táboa 1. Situación de localización

1.6. Localización

A localización das actuacións do presente EIIP, así como os elementos máis destacados no seu ámbito próximo (vías de comunicación, núcleos de poboación, principais accidentes xeográficos...) detállanse *no Plano 01. Localización e Situación.*

1.7. Superficie da parcela ou parcelas nas que se implantará a actuación e superficies de actuación.

As parcelas catastrais onde se desenvolverán actuacións no próximo plan especial, indícanse na seguinte táboa.

Actuación	REFCAT	ha
Reforestación con <i>Pinus Sylvestris</i> - 2027	27050A06300075	9,8044
	27050A06300074	0,0257
Reforestación con <i>Pinus Sylvestris</i> - 2025	27050A06300074	0,1948
	27050A06300075	9,2647
Reforestación con <i>Prunus avium</i> - 2023	27050A01900002	6,0123
Reforestación con <i>Castanea x hybrida</i> - 2022	27050A06300075	0,8060
	27050A06309004	0,0667
	27050A01500502	2,5788
	27050A01509038	0,0106
	27050A01509028	0,0471
Reforestación con <i>Pinus Sylvestris</i> - 2022	27050A01500949	0,0060
	27050A01800031	4,1485
Reforestación con <i>Pinus Sylvestris</i> - 2028	27050A01800031	9,8237
	27050A01809010	0,0002
Reforestación con <i>Pinus Sylvestris</i> - 2024	27050A01800031	9,6028
Reforestación con <i>Prunus avium</i> - 2024	27050A01800031	9,0956
Área devasa - 2024	27050A01800031	0,5827
Construción depósito de auga de 7 x 4 x 2,5 - 2023	27050A06300075	0,0037
Construción depósito de auga de 7 x 4 x 2,5 - 2022	27050A06300075	0,0032

Táboa 2. Referencia catastral onde se localizan as actuacións.

1.8. Normativa de aplicación e outras afeccións

1.8.1. Normativa Urbanística

Segundo a información consultada no concello, o planeamento vixente, hoxe en día, no municipio de Quiroga é O Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Quiroga aprobadas definitivamente o 8 de marzo de 2019, clasificando a superficie do monte como:

- Solo Rústico de Protección Forestal Produtivo (SR/PFP)
- Solo Rústico de Protección de Espazos Naturais (SR/PEN)

- Solo Rústico de Protección Paisaxística (SR/PPA)
- Solo Rústico de Protección de Augas (SR/PA)
- Solo Rústico de Protección de Infraestruturas (SR/PIF)

Toa a superficie de monte ten a consideración de monte ou terreo forestal segundo o artigo 2.1 da Lei de 7/2012 de Montes de Galicia, polo que sería apta para a realización das actuacións establecidas no proxecto.

1.8.2. Lexislación Sectorial en Montes

En relación a lexislación sectorial de montes, os montes veciñais en man común están condicionadas pola súa lexislación específica.

- Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en Man Común.
- Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Ademais de estar condicionado pola lexislación xeral en materia de montes:

- Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.
- Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes.

Segundo a disposición transitoria sexta da Lei 7/2012, do 28 de xuño de Galicia, os montes deberán dispor dun instrumento de ordenación ou xestión forestal obrigatorio e vixente.

1.8.3. Normativa Hidrográfica

A totalidade dos terreos do monte forman parte da Confederación Hidrográfica Miño –Sil, dentro da bacía do Miño e Subbacía do Soldón. Polo cal discorren varios cursos de auga, os principais o río Soldón e o río Vilarmel, ademais de outros regatos de menor envergadura.

Non existen na superficie para ordenar Áreas con Risco Potencial Significativo de Inundación (ARPSIs).

NORMATIVAS

- Texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real Decreto legislativo 1/2001, do 20 de Xullo.
- Regulamento do dominio público hidráulico, arpadado por Real Decreto 849/1986, do 11 de abril.
- Real Decreto 285/2013, do 19 de abril, polo que se aproba o Plan Hidrolóxico da parte española da Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil.
- Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia.
- Decreto 32/2012 do 12 de Xaneiro, polo que se aproba o Estatuto de Augas de Galicia.

2. Caracterización da Actividade

A situación actual de partida na que se atopa a superficie de actuación, é dun monte veciñal cunha escasa xestión e nulo aproveitamentos dos seus recursos como consecuencia do continuo abandono das principais actividades propias do monte veciñal – agrícolas e gandeiras – dende mediados do século pasado.

Coa elaboración do proxecto de ordenación e o seu posterior cumprimento pretendese inverter esta situación de falta de xestión do monte, que permita por en valor tanto os recursos produtivos do monte como a protección dos seus valores naturais. Esta xestión, sustentable no tempo, permitiríalle obter uns ingresos a comunidade, mediante os aproveitamentos forestais, e desta forma poder facer fronte os gastos para o mantementos dos valores naturais presentes na súa propiedade.

2.1. Condicionantes técnicos da actividade

A continuación enuméranse e analizara os principais condicionantes que determinaron a localización das actuacións de forestacións propostas no proxecto de ordenación:

- **Pendientes:** a pendente vai condicionar a localización das actuacións, no sentido que todas a aquelas zonas con unha elevada pendente terán un uso protector, e sobre as mesmas non se actuará durante o próximo plan especial.
- **Pedregosidade e afloramentos rochosos:** de igual forma que a pendente, as zonas con moita pedregosidade ou afloramentos rochosos descartaranse das zonas de actuación durante o plan especial e terán unha función protectora.
- **Altitude:** será un dos principais condicionantes na elección de especies de forestación, dado que a zona apta para a implantacións das novas masas forestais ten unha altitude media de 1.000 metros.
- **Orientacións:** será outro condicionante importante na selección de especies de reforestación.

Toda esa superficie que non pode ter un aproveitamento forestal tera unha función de protección e conservación dos valores propios destes ambientes, un total de 865,90 ha integradas no Cuartel 001.

De igual forma a elección das especies forestais a empregar esta moi condicionada tanto polas condicións do medio, altitude e orientación, como por a lexislación vixente en materia de conservación, a cal prohibida a utilización de especies foráneas.

Todos estes condicionantes, traen consigo que non sexa factible cambiar a localización das actuacións nin as especies a empregar, sendo a alternativa a non realización das novas reforestacións forestais.

2.2. Programa funcional

Coas actuacións propostas pretendese dar resposta as necesidades da comunidade, capitalizando o monte mediante a obtención dunha fonte de ingresos nun futuro, e colaborar coa fixación de poboación, mellorando a calidade ambiental da zona freando, aínda que sexa de forma parcial, as dinámicas de abandono que estas zonas están a vivir.

Por outra banda, daráselle respostas as obrigas legislativas que debe cumprir unha comunidade de montes veciñal en man común, no tocante as medidas que debe adoptar para a prevención dos incendios forestais, coma a obriga de contar cun instrumento de xestión forestal que lle permita, na medida do posible, optimizar todos os recursos que un monte lle pode ofrecer.

As reforestación non se realizarán o mesmo tempo, senón que se distribuirá durante o plan especial, para desta forma realizar un cambio gradual na paisaxe.

3. Caracterización da paisaxe

As áreas paisaxísticas identificadas na "Estratexia Galega dá Paisaxe", presentes na área de estudo son as seguintes:

Áreas e unidades paisaxísticas	
Área	Unidade
Serras Orientais	O Courel, o Incio e Samos - Triacastela
Ribeiras encaixadas do Miño e Sil	Valdeorras

Táboa 3. Áreas e unidades paisaxísticas

Aproximadamente o 80% do monte encóntrase integrado na área paisaxística *Ribeiras Encaixadas do Miño e do Sil*, mentres que o restante correspóndese á área paisaxística denominada *Serras Orientais*.

A paisaxe é esencialmente unha paisaxe de montaña, trátase dunha zona de serras angulosas con vales estreitos no fondo polos que descorren de norte a sur o río Soldón e de leste a oeste o río Vilarmel. Unha orografía moi abrupta

esencialmente rural e agroforestal, definida pola presenza de asentamentos de poboación concentrados nas pequenas vilas de Vilarmel, Cereixido, Feais, Paradapiñol e Rugando, a contorna destes lugares está formada polas terras de cultivo e os soutos.

As coberturas dominantes no monte son as naturais, matogueiras e rochedo (especialmente nas zonas máis altas), pequenos bosque de ribeira nas marxes dos cursos de auga, as terras de cultivos e soutos cercas das vilas, e as reforestación de piñeiros nos montes. Isto da lugar a un contraste de cores, os afloramentos rochosos pardos dos cumios, que contrastan coas cores verdes das matogueiras e os bosques de ribeira.

Existen unhas bruscas variacións cromáticas segundo a época do ano que , pola extensión ocupada, fan da cor o elemento máis salientable das escenas paisaxísticas. A este respecto atópanse tres fitos no calendario: a floración de uces, dende final do inverno ata ben entrada a primavera, con predominio da cor violeta; o outono das masas de frondosas caducifolias, non fondos do val, con especial presenza de ocre e amarelos; e os diversos matices de branco das neves durante o inverno nos cumios das serras. De xeito transversal a todas as estacións é salientable a variabilidade de tons que adquiren os pasteiros, oscilando entre os tons de verde intenso da primavera e os amarelos posteriores ás neves, á sega ou ás secas do estío.

Os núcleos rurais son antigos de edificacións apegadas unhas as outras, sen apenas deixar ocos entre elas para patios ou espazos baleiros, formando aliñacións irregulares, conformados por edificacións pechadas. Xéranse arredor das vías principais de acceso, que se dividen varias veces ó entrar no armazón das casas, adoptando unha configuración estreladas. A maioría das edificacións tradicionais que forman estes núcleos atópanse en estado de abandono, en moitos casos total ou parcialmente derrubadas.

Trátase dunha das áreas de Galicia máis afectadas polo despoboamento e o abandono da explotación agraria, o que repercute en importantes procesos de cambio na configuración da paisaxe.

3.1. Análise

Esta análise da paisaxe ten por obxecto coñecer os distintos elementos constitutivos da paisaxe e as súas interrelacións para así poder establecer cales son os seus compoñentes singulares, así como os seus trazos e patróns característicos. Para iso, identificaremos.

- O ámbito de estudio ou de afección.
- As unidades da paisaxe.
- Os elementos
- As relacións

3.1.1. O ámbito de estudio ou afección

O ámbito de estudio debe definirse a partir de consideracións paisaxísticas, visuais e territoriais, con independencia de calquera límite administrativo. Polo tanto, a súa delimitación basearase no concepto de conca visual.


A delimitación da conca visual do ámbito afectado realízase, a priori, a partir dos lugares do territorio dende onde se percibe principalmente a paisaxe, como principais puntos incluíronse os seguintes.

- Os núcleos de poboación **Vilarmel, Cereixido, Feais, Paradapiñol e Rugando**, pola súa proximidade ás zonas de actuación.
- As vías de comunicación que dan acceso ao lugar de Vilarmel e Cereixido.
- Os elementos singulares máis salientables na zona son:
 - o **Conxunto Ferrería e Capela de Rugando**, un conxunto arquitectónico catalogado no PXOM municipal, principal recurso turístico na contorna.
 - o **Os miradoiros de Bustelo e Vilarmel**


Mostrase a continuación o resultado das concas visuais realizadas, para a obtención das zonas visibles e non visibles dende os principais puntos de observación estáticos e dinámicos.

Do estudo das concas visuais e das visitas a campo realizadas, apreciase que a maior parte das actuacións non serán visibles dende os puntos de observación, sendo a zona máis visible a situada fóra de Rede Natura.



Isto é debido á orografía da zona, unha zona de vales fortemente encaixado, onde os núcleos de poboación e os principais elementos singulares, localízanse en cotas baixas, e polo contra as actuacións en zonas altas, provocando que as novas reforestación queden agochadas.



Imaxe 1. Conca visual dende os núcleos de poboación



Imaxe 2. Conca visual dende as principais estradas.



Nas comprobacións en campo observouse que as zonas de actuación son visibles dende algúns ángulos da ladeira situada en fronte, dende o resto das zonas non é fácil apreciar os cambios que se van proxectar durante o próximo plan especial.

3.1.2. As unidades da paisaxe.

Enténdese por unidade de paisaxe a área xeográfica cunha configuración estrutural, funcional ou preceptivamente diferenciada, única e singular, que foi adquirindo os caracteres que a definen ó longo do tempo. Por tanto, cada unidade de paisaxe presenta un carácter paisaxístico diferenciado e identifícase pola súa coherencia interna e as súas diferenzas coas unidades contiguas.


Para a determinación das unidades da paisaxe realizouse a consulta do Catálogo de Paisaxes de Galicia. A zona **de actuación pertence á comarca paisaxística de Valdeorras e á comarca paisaxística de Os Ancares - A Fonsagrada e O Courel.**

Segundo dito Catálogo a zona de actuación non forma parte dunha Área de Especial Interese Paisaxístico.

Segundo a información xeográfica aportada polo Visor do Catálogo da Paisaxe de Galicia, nas proximidades da zona de actuación, as Unidades da Paisaxe segundo o tipo de cuberta son:

- Matogueira e rochedo
- Agrosistema intensivo (plantación forestal)
- Agrosistema extensivo

Como se pode observar na seguinte imaxe , e como se puido comprobar nas distintas visitas a campo, as zonas de actuación e afección afectan basicamente a unidade da paisaxe "**Matogueira e rochedo**"



Imaxe 5. Unidades da paisaxe segundo a cuberta

Concretando, as Unidades da Paisaxe que se poden ver afectadas polas actuacións de forestación recóllense no *Plano 03 Unidades da Paisaxe*, e serán por orde de superficie afectada as seguintes:

- Serras; Matogueira e rochedo; Supra e orotemperado. Xeomorfismo Serras. Categoría 110.
- Serras; Matogueira e rochedo; Mesotemperado superior. Xeomorfismo Serras. Categoría 109.
- Serras; Matogueira e rochedo; Mesotemperado inferior. Mesotemperado superior. Xeomorfismo Serras. Categoría 108.

O relevo montañoso caracteriza totalmente esta zona, formado por amplos serras de gran altitude, deixando as partes altas e os cordais ao dominio das matogueiras e rochedos, onde as condicións climáticas e os afloramentos rochosos non permiten outra vexetación, e as partes baixas cunha dedicación

agraria, estreitos vales que aproveitan as boas condicións edafolóxica da contorna fluvial, pero son espazos limitados en canto a superficie.

Os núcleos de poboación asentasen nestas zonas baixas, formado un modelo de asentamento mononuclear moi compacto, asentamento ben definido, de gran proximidade nos elementos constituíntes, de límites nítidos e forma de estrela ou tendente ao circular, como adaptación as condicións climáticas e do relevos desta zona.

A pesar do carácter montañoso hai unha clara presenza humana na área, dado que o tipo de paisaxe inclúe un uso do solo produtivo e transformador da paisaxe, aínda que non dispoñía das mellores condicións para a ocupación humana. Esta antropización convive cuns notables valores naturais.

A variación climática é reducida, sendo o termotipo da paisaxe dominantes o propio dos vales fluviais encaixados (Mesotemperado) con áreas de microclima mediterráneos.

A maior parte do predio está dentro da Rede Natura 2000, formando parte da Zona de Especial Conservación Ancares-Courel, dentro deste ZEC atópase zonificado como "Zona 2 Área de Conservación.

A zona de actuación encontrase dentro dos límites do Xeoparque Mundial da UNESCO "Montañas do Courel".

3.1.3. Os elementos

A paisaxe está integrada por elementos estruturais e elementos textuais.

3.1.3.1. Estruturais

As actuacións planificadas non modificaran ningún elemento estrutural.

Non se verán afectados pola forestación: o relevo, por tratarse de actuacións superficiais, o clima, ó tratarse dunha actuación a pequena escala; a hidrografía, ó respectar en todo momento as zonas de vertido de augas;

xeomorfoloxía, non se realizaran alteracións na composición da rocha nai, soamente un laboreo puntual e superficial; nin a outros que puideran afectar a forma do territorio.

3.1.3.2. Texturais

As actuacións planificadas afectarán os elementos texturais, xa que implican unha transformación da cuberta vexetal, substitúese matogueira por unha masa arbórea.

O elemento afectado neste caso é o mato, na actualidade a área de actuación está ocupada por unha matogueira, conformando unha textura de uces e carqueixas. Parte desta vexetación será substituída por unha masa arbórea.

Para reducir o impacto, entre as mouteiras de plantación deixáranse zonas de matogueira, para desta forma non ter unha masa continua de plantación, ademais as especies elixidas, tanto de coníferas como de frondosas, son de crecemento lento polo que os cambios de texturas serán graduais.

Estas modificación non teñen necesariamente un efecto negativo sobre a textura, a integración destas novas masas arbóreas xunto coa superficies de mato formaran un mosaico, ampliando a paleta de cores presentes nesta paisaxe. As masas de careixeiras aportarán a súa vistosa floración e colorido outonal, cambian do verde ó ocre, laranxa e vermello, o que confire á árbore un aspecto característico que nos permite diferenciar a esta especie nun dosel arbóreo dun bosque. No caso das masas de *sylvestris* caracterízanse polo ton azulado das súas folla aciculadas e o alaranxado do seu tronco, como o do salmón, incluso dende lonxe pódese advertir este carácter e distinguir un piñeiral de *sylvestris* doutras especies.

3.1.4. As relacións

3.1.4.1. Estruturais

A zona a transformar, unha zona forestal, encontrase lonxe dos núcleos de poboación e das vías de comunicación, accedendo unicamente por pistas forestais, ou polas devasas construídas.

Estas pistas son polo xeral de ancho entorno os 2-6 metros, transitables unicamente por maquinaria agroforestal ou por vehículos todoterreo. O seu orixe nalgúns casos é recente e noutros son antigos camiños de carros que se deixaron de utilizar pola falta de uso ou se adaptaron as novas necesidades de tránsito.

Estas vías comunican as distintas partes do monte co núcleo de poboación de Vilarmel, e con outros montes e lugares próximos.

As parcelas ou superficies os que dan servizo estes camiños son de dous tipos, por un lado grandes zonas de matogueira nas zonas de maior altitude, e por outro lado pequenas parcelas agrícolas, na actualidade a maioría en estado de abondo, na parte baixa cerca dos núcleos de poboación, onde as condicións son máis favorables para dedicar á agricultura de autoconsumo propia destas zonas.

3.1.4.2. Formais ou Estéticas

A paisaxe é esencialmente rural e agroforestal, definida pola presenza de asentamentos de poboación en pequenas vilas e aldeas dispersas, bosques naturais xeralmente nas valgadas de acceso dificultoso e ribeiras dos cursos de auga, bosques seminaturais (soutos de castiñeiros) e terras de cultivo na contorna dos pobos, regatos e matogueiras, praderías artificiais e repoboacións forestais con piñeiros.

Abundancia de amplas cuncas visuais e os fondos estéticos supón un valor estético de alta calidade. Destacar as liñas que marca o relevo, accidentado e de fortes pendentes, serras encaixadas formando canóns estreitos.

Na zona baixa ó lado sur do río Vilarmel atopase o núcleo de poboación do mesmo nome, entorno a este hai zonas onde predominan as pequenas parcelas dedicadas agriculturas ou ocupadas por soutos, con peches de pedra. Máis lonxe das vivendas segundo nos afastamos cara as zonas de menor altitude, entorno ó cursos fluviais do canón, predominan as masas de frondosas autóctonas, rexenerado natural de castaños, carballos e bosque ripícola cerca das marxes dos ríos, se nos afastamos ás partes de maior altitude a vexetación cambio a matogueiras de uces e carqueixas con pés diseminados ou bosquetes de pinos.

A zona de actuación correspóndese coa zona de matogueira, extensas superficies de mato, con algún pé disperso e pequenas plantación de coníferas, interrompido polas distintas pistas forestais que atravesan o monte.

3.1.4.3. Ecolóxicas

Na actualidade pódese afirmar que a fragmentación do territorio da zona de actuación é escasa. Trátase de extensas superficies forestais constituídas por manchas de matogueira e masas de piñeiros interrompidos unicamente polas pistas forestais e as devasas que atravesan os montes da contorna. Nestas zonas rurais de montaña a fragmentación do territorio non é moi acusada.

Os principais corredores ecolóxicos da zona, que permiten a conectividade entre distintas zonas do medio, son os cursos de auga e as masas de vexetación tanto de mato como arborada.

Co establecemento das novas masas forestais garantirase en todo momento esta conexión, deixando áreas de mato natural comunicando as distintas zonas e rompendo a continuidade das plantacións, intentarase na medida do posible alternar entre mato e arborado. As novas plantacións formaran

“mosaicos de especies”, isto é, a creación de masas de especies autóctonas (*Castanea x hybrida* e *Prunus avium*) mesturadas con masas de *Pinus sylvestris*, evitando a creación de superficies moi extensas e monoespecíficas.

En ningún caso as actuacións van afectar ós curso de auga existentes nin ás zonas de dominio publico, e respectaranse as especies de frondosas autóctonas.

3.2. Dinámicas

Para analizar a dinámica da evolución da paisaxe o longo dos anos utilizouse como fonte o voo americano serie B, 1956-1957 e as testemuñas dos veciños, concluíndo:

- Nas zonas máis abruptas, as de maior pendente e elevada predregosidade, non sufriron apenas modificación, debido á dificultade que supoña a súa utilización para os antigos poboadores desta zona.
- Nas zonas próximas os núcleos de poboación e naquelas de menor pendente e predregosidade, apreciase un cambio na cuberta vexetal, no pasado estas zonas estaban cubertas por pasteiros forestais, mato baixo, ou cultivos (trigo, pan..) destinados o mantemento do sistema agroganderio de autoconsumo, co paso dos anos e o progresivo abandono do medio rural por parte do home, e como consecuencia o abandono das labores agrícolas, foron transformándose de forma natural en masas de frondosa nos fondos das bagoadas e en matogueiras nas zoas de maior altitude, e de forma artificial en plantacións de piñeiro, fundamentalmente *Pinus pinaster*.
- Soamente cerca dalgunhas casas aínda poboadas se conservan pequenos hortas destinados a produción de hortalizas para o autoconsumo.


- Tamén se aprecia unha redución nos soutos, na actualidade aínda se conservan pequenos soutos producindo castaña, pero a maioría atopasen abandonados.
- Os núcleos de poboación no se modificaron significativamente no seu tamaño, pero si no seu estado, recorridas as rúas de Vilarmel maniféstase os efectos do éxodo rural, a maioría das vivendas e dos anexos están en ruínas ou con un alto grado de deterioro.
- O asentamento da poboación viuse moi reducido, segundo os veciños do lugar a mediados do século pasado o número de casas habitadas sobrepasaba as 20 e na actualidade soamente cinco casas están habitadas de forma continuada. Cunha clara evolución a despoboación total do lugar, dado o envellecemento da poboación actual e a falta de relevo xeracional.
- A rede viaria tamén sufriu algunhas modificacións, para dar servizo ós núcleos de poboación e as zonas produtivas do monte con maquinaria agrícola, observase un aumento das pistas forestais.
- Un cambio significativo na paisaxe foi a creación de devasas, como medida para axudar na extinción de incendios forestais.

Pódese concluír, que no intervalo de tempo analizado identifícase un cambio no mosaico agropecuario derivado do abandono do medio rural e das actividades tradicionais vinculadas a este medio, co conseguinte aumento da cuberta forestal tanto con especies de mato como arbóreas.


Isto implica, que as actuacións planificadas, durante o próximo plan especial do proxecto de ordenación, non supoñen un risco sobre as dinámicas naturais presentes na paisaxe, se non pola contra é unha forma de dar resposta ordenada e planificada á situación actual, onde o monte xa non é a base da actividade agrogandeira propia de tempos pasados, senón e unha fonte de recursos forestais, os cales ademais de ser unha fonte de ingresos para as comunidades contribúe a conservación dos valores naturais.



Imaxe 6. Voo americano serie B, 1956-1957



Imaxe 7. Ortofoto 2017.



Imaxe 8. Ortofoto 2017. Zona de actuación



Imaxe 9. . Voo americano serie B, 1956-1957. Zona de Actuación

3.3. Valoración

Para o estudo e valoración da paisaxe distínguense diferentes aspectos do espazo xeográfico que poden ser tanxibles ou intanxibles. Entre os primeiros atópanse os elementos naturais ou construídos, tales como ríos, terras de cultivos, bosques..., os segundos son resultado da historia, a tradición e o imaxinario colectivo.

3.3.1. Valores tanxible

3.3.1.1. Valores ecolóxicos

A área de estudio atesoura un alto nivel de biodiversidade e de xeodiversidade. Unha parte importante do monte está incluída na da Zona de Especial Conservación (ZEC) "Os Ancares – O Courel", con código ES1120001 da Rede Natura 2000, en zona de conservación, así como dentro da Zona de Especial Protección dos Valores Naturais "Os Ancares – Courel" (código 1610100224), e dentro dos límites do Xeoparque Mundial da UNESCO "Montañas do Courel".

A superficie sobre a que se vai leva a cabo a forestación localízase integramente no grupo de Unidades Ambientais UA300, denominada "*Matogueiras e medios rochosos*", e máis concretamente localízase na Unidade Ambiental UA310 "Grandes superficies de Queirogas", o hábitat de interese comunitario é "Queirogas secos europeos"

A zona de actuación está incluída na zonificación "Áreas de distribución potencial" establecido no Plan de recuperación do sapoconcho común (*Emys orbicularis L*) en Galicia, aprobado polo Decreto 70/2013, do 25 de abril. No superficie de ordenación non se ten constancia da presenza desta especie durante as visitas a campo efectuadas.

Os principais regatos que bañan o territorio son os ríos do Soldón e Vilarmel, , os cales están fortemente encaixados cunha traxectoria norte-sur o río Soldón, e leste-oeste o río de Vilarmel. O río de Vilarmel leva as súas augas o Soldón, tributario do Sil.

3.3.1.2. Valores Históricos

Na zona de reforestación non está afectada por ningún elemento de interese patrimonial histórico ou etnográfico, pero o ámbito de estudio mostra claras sinais de identidade da acción do home sobre a paisaxe, como son: os

peches tradicionais, na súa conformación utilizábanse os materiais da contorna; construcións singulares, como as alvarizas, representación da tipoloxía construtiva do xisto; as ferrerías, nesta zona existían numerosas ferrerías que se subministraban do mineral de ferro extraído no monte Formigueiros, a inxente cantidade de combustible necesario para os procesos metalúrxicos implicaba unha gran necesidade de madeira, así poucos anos de comezar a funcionar unha ferrería, os montes de varias parroquias dos arredores quedaban deforestados.

3.3.1.3. Valores produtivos

A orografía das serras, supuxo unha barreira física non só para as comunicacións senón tamén para o desenvolvemento de actividades nese territorio. Isto dá lugar a un espazo onde a presenza humana é menor comparada con outras áreas xeográficas de Galicia. Isto tamén provoca que esas actividades humanas queden circunscritas ó sector primario, factor que, retroalimentado polo avellentamento da poboación, dá como resultado a desertización poboacional, acelerada nos últimos decenios como culminación dun proceso ininterrompido dende o primeiro cuarto do século XX.

- Valores de uso agroforestal

A xeomorfoloxía da zona foi determinante, o que aínda repercute de xeito máis significativo nas actividades vinculadas ó sector primario. As condicións que definen o sector adquiren caracteres máis extremados na presente área: unha perda acelerada e irreversible de poboación, que afecta de maneira ben visible á superficie cultivada, acompañada do seu avellentamento, e un aumento do uso forestal en detrimento da xa pequena área agrícola, que aproveita as boas condicións que a orografía outorgaba á súa explotación.

No pasado o monte era o eixo ó redor do que xiraba todo o sistema agrario, funcionaba como: produtor de abano; estivadas, rozas, cachadas...; sostén da cabana gandeira; madeiras e leñas.

Na actualidade inda persisten os aproveitamentos froiteiro (castaño) e apícola.

O obxectivo final a alcanzar con estas actuacións é un monte multifuncional. Isto é posible, mediante a produción de madeira de calidade, cun valor engadido, utilizando especies autóctonas, aplicando unha silvicultura adecuada, e todo isto compatibilizando cun aproveitamento apícola e de froitos, ademais de contribuír, mediante a ordenación dos recursos, a fomentar un uso social e recreativo do monte.

- Valores do uso industrial

Se houbera que definir a importancia deste valor produtivo na presente área habería que falar da carencia de espazo para o seu desenvolvemento. Hai causas estruturais e causas naturais que coadxúvanse resultado: a falta histórica de boas comunicacións, o devalo demográfico, un medio natural difícil.

- Valores de uso turístico

O principal potencial desta área é a paisaxe de montaña, pero na actualidade, dende o punto de vista turístico o lugar de Vilarmel, onde se asentan as actuacións, non é a zona, dentro da área paisaxística que sen encadra, con maior atractivo para o turismo, como o son O Cebreiro, as Pallozas dos Ancares e Piornedo, O Canón do Sil ou o Mosterio de Samos.

Sendo o valor de uso agroforestal o máis significativo na zona, o agrario no pasado e o forestal na tendencia futura.

Este uso produtor de madeira é compatible e complementarios do uso social e recreativo do monte, contribuíndo a acadar o ideal de monte multifuncional.

3.3.2. Valores intanxibles

Un valor intanxible é a propiedade comunal dos montes veciñais en man común, de natureza privada e colectiva, un modelo de aproveitamento ou

manexo dun recurso en base ó sentido da comunidade, de colectividade. Propiedade privada atribuída a un conxunto de persoas en razón do lugar onde habitan, de forma que ningunha persoa en concreto teña un control exclusivo ou monopolio sobre o uso e desfrute dun ben ou recurso. É o que coñecemos como bens comúns ou comunais. Comunidades que, cun sentido de cooperación e responsabilidade colectiva, levan séculos custodiando e xestionando territorios e recursos naturais e nos que a sostibilidade é a clave do seu éxito.

Estas comunidades, propias do territorio galego, foron o elemento central da paisaxe galega, transformándoa e aproveitándoa durante séculos de forma sostible. O progresivo abandono deste lugares leva consigo a desaparición ou falta de xestión das comunidades, se non existe unha poboación no rural e relevo xeracional, non existe esa comunidade que poida xestionalo e o monte quedara abandonado, pero tamén se abandona a paisaxe, perdendo parte do patrimonio cultural e natural propio destes lugares.

4. Caracterización do proxecto

As actuacións que se analizan neste proxecto de integración paisaxística sona forestación de 61,4879 ha, utilizando as especies forestais de *Pinus sylvestris*, *Castanea x hybrida* e *Prunus avium*.

4.1. Estratexia de integración

A principal estratexia de integración a seguir para a creación destas masas forestais é a integración co medio. Nas proximidades da zona de actuación existen xa masas forestais dende fai anos, e outras máis recentes, mesturados co mato. As novas masas forestais, seguirán unha liña estética similar as formacións naturais, con formas irregulares e corredores de matogueiras, de

forma que se integren no medio como un elemento máis, non resultando un engadido anómalo ou alleo.

Dentro desta tendencia pódense desagregar as seguintes estratexias.

4.1.1. Naturalización

Trátase de poñer na zona elementos que non lle son de todo alleos, na contorna existen masas de *Castaño* e Piñeiro mesturadas con manchas de mato, o tratarse de especies de crecemento lento, o que implica un cambio progresivo e lento cara a nova situación.

4.1.2. Fusión

A estratexia a adoptar é a creación manchas de bordes irregulares e descontinuas, con corredores de matogueira, que simulan as masas forestais naturais e se fusionan coa paisaxe da zona.

4.1.3. Ocultación

Da análise da conca visual apreciase que dende os principais puntos non serán visibles as novas masas arbóreas. Estas zonas son visibles sobre todo dende as pistas forestais e dende algunha zonas da ladeira oposta.

4.2. Medidas de integración paisaxística

As medidas de integración paisaxística son as accións específicas que se incorporan á proposta para evitar, reducir ou compensar a afección do proxecto na paisaxe e facilitar aí a súa integración, neste caso considéranse as seguintes:

4.2.1. Preventivas

Na programación das actuacións é fundamental a organización dos mesmos no espazo e no tempo, así tal e como se indica no proxecto, realizarase a transformación por etapas e con certa separación espacial.

- As actuacións realizaranse evitando os trazados rectilíneos, dando maior sensación de naturalidade e integración paisaxística co medio.
- Deixaranse corredores naturais para evitar o fenómeno de illamento da poboación, conservando faixas da matogueira existente para favorecer a conectividade entre as distintas zonas.
- As transformacións organizarase no tempo, de forma que anualmente non se transformen máis de 15 hectáreas.
- Realizarase de xeito que cause o mínimo dano as superficies lindeiras, comezando por aquelas que teñan acceso directo dende as pistas ou sendas, evitando así no posible que haxa que transitar por zonas de mato durante a execución.
- As cortas de mellora, realizadas durante o próximo plan especial, serán polo baixo e selectivas, minimizando así o impacto paisaxístico dos tratamentos silvícolas.
- En relación as cortas finais, non se programan, pero no momento da súa realización racionalizaranse as superficies de corta a feito e deixaranse pequenas mouteiras maduras ou de árbores mortas que interrompan a uniformidade da corta. Así mesmo, procuraranse perímetros irregulares nas corta a feito, de xeito que supoña un menor impacto paisaxístico.
- Para conseguir a integración da paisaxe, os depósitos deberán ir recubertos dalgún material propio do entorno, neste caso pedra da zona, de maneira que non sexa visible ningún muro de formigón. O

peche exterior obrigatorio para evitar caídas de animais, realizarse con materias tradicionais empregando madeira nos postes.

4.2.2. Correctivas

Evitarase a creación de masas monoespecíficas moi extensas, formáranse "mosaicos de especies" mediante a creación de bosquetes de especies autóctonas (castaño e careixeira), que serven de devasas verdes así coma tamén de zonas de refuxio para a fauna, ademais de ter unha finalidade paisaxística.

4.2.3. Compensatorias

A superficie ocupadas por especies forestais con uso produtivo, unha vez realizada a nova forestación, supón una pequena porcentaxe do monte.

Para compensar esta situación o resto do monte terá unha función de protección e conservación dos valores naturais, non realizando ningunha actuación sobre o mato, salvo as abrigadas pola lexislación sectorial en temas de prevención e defensa contra incendios forestais.

4.3. Análise de alternativas

Dentro do MVMC de Montouto non é posible a forestación doutras superficies debido fundamentalmente ó condicionante da pendente e da pedregosidade. Igualmente no tocante a elección da especie, a cal está moi limitada polos condicionantes da estación.

Na análise de alternativas do Estudio de Impacto Ambiental, xa se descartou a alternativa 2 que tiñan un maior impacto paisaxístico dado que tiña como obxectivo o establecemento de masas puras de coníferas.

Tamén se considerou a alternativa 0, que consistiría na non realización da forestación, o que suporía un grave prexuízo para a economía dos comuneiros.

Por outra banda, a alternativa 3, de aproveitamento de pastos sería inviable, debido ao envellecemento da poboación coa conseguinte falta de relevo xeracional o que imposibilita o seu retorno ós usos gandeiros tradicionais ademais da falta de cabana gandeira.

Polo que a alternativa elixida foi a 1, que trata de favorecer a integración paisaxística da actuación ó intercalar frondosas con coníferas, dándolle prioridade ás especies de crecemento lento.

Ademais, esta alternativa permite obter unhas rendas económicas para a comunidade, de maneira que poida acometer as actuacións de prevención e defensa contra os incendios forestais.

Por outro lado, as masas forestais son un elemento clave na loita contra os efectos do cambio climático, sendo reservas de carbono

4.4. Descrición do proxecto

O proxecto de ordenación ten por obxectivo a planificación da xestión sostible, co fin de que sexa socialmente beneficiosa, economicamente viable e medioambientalmente responsable, de acordo co establecemento no artigo 8 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

As actuacións a realizar durante o próximo plan especial, 2019-2029, son:

- Traballos silvícolas nas masas existentes, segundo os modelos silvícolas publicados "*ORDE do 19 de maio de 2014 pola que se establecen os modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos e referentes de boas prácticas forestais para os distritos forestais de Galicia*", tales como podas, claras, clareos, e cortas de rexeneración segundo as necesidades de cada masa.

- Limpeza e mantemento das pizas forestais existentes e das faixas de xestión de biomasa.
- Áreas de defensa contra incendios forestais perimetral as plantacións forestais, mediante a roza do mato.
- Forestación de 61,4879 ha mediante a realización das seguintes operacións:
 - o Roza mecanizada do mato.
 - o Apertura mecanizada e puntual dos buratos
 - o Plantación de planta en contedor e acondicionamento de compartimento onde se fixo unha preparación previa do terreo ou sobre aburatemento mecanizado.
 - o Ademais, durante os primeiros 10 anos tense previsto realizar control da vexetación de competencia e reposición de marras, e se a plantación o require, podas de formación e de calidade, fertilización e mantemento de infraestruturas de defensa contra incendios.

4.5. Obxectivos de calidade paisaxística

Nas Directrices da Paisaxe de Galicia inclúese a definición dos obxectivos de calidade paisaxística que se pretenden alcanzar para cada unidade de paisaxe.

Nas actuacións de primeira forestación contempladas no Proxecto de Ordenación Forestal do MVMC, tivéronse en conta os obxectivos de calidade específicos contemplados para as unidades da paisaxe afectadas Grande Área Paisaxística encaixadas do Miño Sil, na que se localiza principalmente o monte, e nas Grande Area Paisaxística Serras Orientais, onde se localiza unha pequena parte do monte, que neste caso son as seguintes:

4.5.1. Gande Área Paisaxística encaixadas do Miño Sil

- **Unidades de paisaxe con tipo de paisaxe: agrosistema extensivo en chairas e vales interiores ou vales sublitorais.**

7B_3_1. Un agrosistema extensivo que conserve altos valores ecolóxicos e paisaxísticos, e sexa sustento dunha matriz paisaxística variada e non uniforme, cunha diversidade textural característica das paisaxes agrogandeiras. Uns espazos agrarios que manteñan o seu uso e se integren de xeito harmónico cos bosques e espazos de valor estético e natural circundantes.

7B_3_2. Un agrosistema extensivo nas chairas harmonizado con bosquetes conservados e protexidos de frondosas autóctonas, dentro dun modelo produtivo sustentable. Unhas novas pradarías en que se conserven ou creen novas sebes, muras, aliñamentos de árbores e outros sistemas de delimitación tradicionais da paisaxe ligados ao uso.

- **Unidades de paisaxe con tipos de paisaxe: matogueira e rochedo ou turbeiras e queirogais húmidos en chairas e vales interiores ou vales sublitorais.**

2B_3_1. Unhas matogueiras, turbeiras e rochedos ben conservadas a través dunha actividade agropecuaria que manteña espazos vivos e resilientes ante as dinámicas de abandono e a proliferación de especies invasoras, mediante criterios produtivos ecoloxicamente viables e contribuíndo a unha paisaxe de calidade natural e variedade textural.

4.5.2. Grande Area Paisaxística Serras Orientais

- **Unidades de paisaxe con tipos de paisaxe: Matogueira e rochedos ou Turbeira e brezal húmido en Serras:**

2C_3_1. Unhas matogueiras, rochedos e turbeiras nas serras ben estruturadas ecoloxicamente, resilientes, sen procesos erosivos e que conserven a morfoloxía e vexetación propia do seu ambiente, sen presenza de especies

alóctonas e invasoras. Uns ámbitos naturais que compatibilicen a súa función ecolóxica co mantemento dos seus valores estéticos e produtivos fronte ás principais ameazas deste tipo de paisaxe: abandono, incendios, erosión e especies invasoras.

2C_3_2. Unha integración axeitada entre os espazos de matogueira ou turbeira e outros usos orientados á produtividade forestal, enerxética ou agrogandeira, especialmente no caso dos hábitats asociados, como por exemplo, o bosque húmido en ambientes hidrófilos.

- **Unidades de paisaxe con tipos de paisaxe: agrosistema extensivo en chairas e vales interiores e vales sublitorais.**

7C_3_1. Un agrosistema extensivo na serra con valores produtivos e estéticos, que deben ser obxecto de conservación e en que se manteñan e melloren os seus elementos estruturais, respectando a flora e fauna e evitando a súa sobreexplotación e os incendios forestais.

7C_3_2. Unha combinación harmónica dos pastos e prados naturais das serras, as áreas de matogueira, os rochedos e os bosques, evitando a proliferación arbustiva ou o monte residual xerados polos procesos de abandono e cun mantemento do ciclo ecolóxico que permita a configuración do pasto natural, nomeadamente o sistema hídrico dentro das brañas.

7C_3_3. Un agrosistema extensivo nas serras cunhas delimitacións e marxes das parcelas acordes coa contorna, baseadas no mantemento axeitado dos peches tradicionais, sebes e arboredos ou novos sistemas de cerramento integrados na paisaxe.

4.6. Directrices da paisaxe

Na elección e deseño dos emprazamentos das actuacións ademais da súa viabilidade técnica, tivéronse en conta as normas e recomendacións que para esta grande área paisaxística e as unidades da paisaxe da zona veñen

descritos nas Directrices da Paisaxe de Galicia. Estas directrices e recomendacións son as seguintes:

- **Para as unidades de paisaxe do tipo MATOGUEIRA E ROCHEDO.**

MT.01 (N) En áreas de serra ou canóns cubertas principalmente por matogueira evitarase a realización de todo tipo de peches. En caso de que se implantasen, nestes tipos de paisaxes, usos ou construcións que xustificasen o peche da parcela, priorizaranse as sebes formadas por especies de matogueira ou arbustivas autóctonas e propias do lugar, ou, no seu caso, os valados metálicos de protección, preferentemente de arame sen plastificar, e coa maior abertura posible (mallas cinexéticas), para minimizar a obstrución do paso de animais e reducir a visibilidade do valado. Os postes para suxeitar o arame poderán ser de madeira, de pedra, prefabricados de formigón, ou metálicos, pero en todo caso da menor sección posible.

MT.03 (R) Manteranse as condicións hidrográficas e topográficas que resulten fundamentais para a estruturación ecolóxica destes espazos, procurando hábitats resilientes e evitando procesos erosivos ou de seca.

- Para as unidades de paisaxe do tipo **AGROSISTEMA EXTENSIVO:**

AG.03 (R) Minimizarase a localización de equipamentos ou dotacións de máis de 400 m².

AG.07 (R) A instalación de novas infraestruturas evitará provocar procesos erosivos nas zonas de pastoreo de montaña.


4.7. Xustificación da incorporación dos obxectivos de calidade paisaxística e das directrices da paisaxe.

Os principais obxectivos no que respecta a calidade da paisaxe son os seguintes:

- Integración e coherencia co entorno da comarca: na zona están presentes mais masas arbórea, debido a combinación da forestación de iniciativa privada e á revexetación espontánea de masas arboradas.
- Conservar e mellorar a paisaxe mediante unha xestión forestal activa que sexa socialmente beneficiosa, economicamente viable e medioambientalmente responsable.

As medidas para incorporar ó proxecto os obxectivos da calidade paisaxística son:

- Evitarase os trazados rectilíneos
- Conservarse corredores de mato entre as plantacións.
- Mestura de bosquetes de frondosas autóctonas.
- As novas plantacións van fomentar a riqueza cromática estacional e variabilidade de texturas, aumentando a variedade de cores durante a floración e as tonalidades outonais.
- Utilización de especies de cemento lento dando lugar a unha lenta e progresiva transformación da paisaxe.



Imaxe 10. Programación das actuacións durante o próximo plan especial

5. Impactos do proxecto

Calquera acción sobre o medio vai dar lugar a un impacto, non soamente negativos moitas veces as transformacións entrañan efectos positivos sobre a paisaxe.

Expóñense a continuación os principais impactos sobre a paisaxe que a implantación das masas forestais poden producir.

5.1. Grupo de impactos sensorias

5.1.1. Visuais

A transformación da vexetación, neste caso mato en plantacións forestais, vai ter un impacto visual sobre a paisaxe, seguramente dende o punto de vista paisaxístico é o máis importante, pero non ten necesariamente un efecto negativo sobre a percepción da calidade paisaxística polos seguintes motivos:

- As novas masas intégranse na paisaxe da contorna caracterizada por unha orografía montañosa, con fortes pendentes onde se alteran cultivos forestais con masas de mato e arboredo autóctono.
- A partir dos resultados das conchas visuais, dada a orografía do terreo, as actuacións non serán visibles dende a maioría das zonas de importancia analizadas.

5.1.2. Sonoros

Os impactos sonoros derivados das actuacións programadas poden verse unicamente na fase de execución. Os traballos prográmanse dilatados no tempo o longo de 10 anos, tendo unha duración temporal de poucos días, co cal as molestias que se poidan xerar son residuais.

Unha vez realizados os traballos non se aprecia que poida haber máis ruído do que existe na actualidade, nin novos ruídos que poidan resultar molestos.

5.2. Grupo de impactos sobre a funcionalidade paisaxística

5.2.1. Sobre a funcionalidade social e económica

Os impactos sociais e económicos para as zonas son positivos. Se ben no pasado, estas zonas do monte tiñan un uso agrario, como base do sistema

agrogandeiro de autoconsumo, na actualidade debido o progresivo abandono, provocou o seu desuso, e polo tanto non reporta ningunha produtividade para a comunidade.

Polo tanto a cabo unha xestión ordenadas e planificada do monte, mediante a execución das actividades propostas no plan especial producira unha serie de melloras económicas no eido da zona.

5.2.2. Sobre a funcionalidade xeosistémica

Os impactos considerados sobre este aspecto, tamén se consideran positivos para a paisaxe polos seguintes motivos.

- As novas masas arbóreas traen consigo un aumento da funcionalidade dos ecosistemas, as superficies de mato que se manteñen complementan as novas masas como refuxio para distintas especies, as cales encontran un novo hábitat onde desenrolarse.
- Dado que na zona xa hai masas arbóreas, artificiais e naturais, non suporá un cambio significativo na diversidade paisaxística da zona.
- Deixaranse corredores naturais entre as distintas superficie de mato para evitar asía fragmentación do medio e a perda de biodiversidade.

5.3. Grupos de impacto sobre o significado histórico

5.3.1. Sobre o patrimonio herdado

O monte, no rural galego, o longo da historia, foi un elemento da identidade da sociedade galega, como o principal alicerce sobre o que sustentaba o sistema económico. Este monte veciñal, usado en común polos veciños era a base para a subsistencias das economías familiares, del aproveitábanse: os

toxos, que acabarían sendo a principal fonte de abono; sementaríase o trigo, como materia prima para a súa alimentación; forraxe, como pasto para vacas, ovellas...

Pero os procesos históricos sufridos na últimos decenios, levou a estes a unha situación de abandono, as comunidade de montes desvinculouse do monte, o mato empezou a substituír os espazo agrario, e os incendios forestais a ser recorrentes.

Polo tanto analizar o impacto sobre o seu significado histórico é complexo, posto que hoxe en día, na sociedade actual e moi difícil o retorno dese monte veciñal como base dunha gandeira en extensivo, a pesar das vantaxes que ten para o medio e a paisaxe ese sistema de produción, a realidade é ben contraria, e máis nunha comunidade como a de Vilarmel, onde a poboación sobrepasa a idade de xubilación e para as novas xeracións non é unha actividade atractiva.

Deste modo, a actividade que se propón considerase a de menor impacto para adaptarse as novas necesidade dos montes veciñais.

5.3.2. Sobre lugares de interese histórico

As actuación non causaran impacto sobre ningún lugar de interese histórico.

5.4. Grupo de impactos estéticos

Pese que as novas masas forestais apenas son perceptibles dende os principais núcleos de poboación, e dende a estrada principal. O feito de transformar mato por arbores, dando lugar a un mosaico intercalado de mato e bosquetes de arbores, soe ter unha boa percepción por parte da poboación, engadindo ademais especies como o castaño ou o cereixo, aumenta o valor estético destas paisaxes.

5.5. Grupo de impactos sobre o patrimonio natural ou científico

5.5.1. Sobre valores naturais

As actuacións van ter un impacto negativo sobre a superficie de mato que serán eliminadas para a súa transformación en masas arbóreas, pero debemos ter en conta que a maior parte deste mato será conservado, dado que sobre a totalidade da superficie do monte, 1.525 ha, soamente serán obxecto de transformación, 61,4879, se temos en conta que xa existen 32 ha de masas arbóreas, isto implica que un 6,5 % da superficie terá unha función produtiva, tendo un 93,5 % unha función protectora.

Ademais as novas masas arbóreas non supón unha perda total de valores naturais, senón a substitución de uns por outros, dado que debaixo das árbores tamén habitan diferentes especies de fauna e flora.

E para reducir o posible impacto, manteranse corredores ecolóxicos que manteñan comunicadas as distintas mouteiras de mato entre si.

5.5.2. Sobre a perda de información científica e ambiental

Non se aprecia que as actuacións teñan efectos sobre a perda de información científica ou ambiental.

6. Síntese

Como conclusión da valoración da integración paisaxística pódese sinalar que os impactos que puidera provocar a realización da actuación sobre o paisaxe non van ter un efecto negativo.

Dado que a implantación de especies vexetais, simulando masas de rexenerado natural, integrase no tipo de paisaxe existente na contorna do proxecto.

Ademais debemos ter en conta:

- O impacto visual dende puntos móbiles (estradas) é practicamente imperceptible.
- O impacto visual dende puntos fixos (núcleos de poboación) é reducido.
- O impacto social e económico son notablemente favorable, o pór en valor o monte.
- As actuacións realizaranse espalladas no tempo, durante un período de 10 anos.

O/A Técnico/a Redactor/a

Fdo.: María del Carmen Gonzalez Feijóo


Enxeñeira de Montes

Enxeñeira T. Forestal (Colexiada nº 1263 do COETFG)

1. Datos Xerais

Denominación da actuación:		
Forestación de 61,4879 ha no plan especial do Proxecto de Ordenación Forestal.		
Situación:		
Provincia:	Lugo	Concello: Quiroga
Parroquia/Lugar:	Vilarmel/Vilarmel	
Localización		
Monte Veciñal en Man Común de Montouto		
Referencia Catastral:		
27050A06300075; 27050A06300074; 27050A01800031; 27050A01900002; 27050A01909003; 27050A01809010; 27050A06309004; 27050A01500502; 27050A01509038; 27050A01509028; 27050A01500949; 27050A01900001; 27050A06309005; 27050A01500448; 27050A01509036.		
Superficie de parcelas		
A superficie total das parcelas afectadas é 1.090,38 ha		
Superficie de actuación (ha):		
61,4879 ha obxecto de reforestación		
Datos de contacto:		
Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Vilarmel.		
Normativa de aplicación:		
	Vixente	En trámite
Tipo	Nome	
PM	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
PS	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Descrición:		
Parte da zoan a reforestar está afectada por Rede Natura 2000 e Xeparque Mundial da Unesco "Montañas do Courel", zona 2. A superficie é maior de 10 ha polo que é necesario someter o Proxecto a Avaliación Ambiental Ordinaria.		
Outras afeccións:		
O monte está incluída na zonificación "Áreas de distribución potencial" do <i>Emys orbicularis</i> L.		

Situación (Escala 1:10.000 e 1:25.000)



Localización (Escala 1:25.000 e 1:5.000)



2. Caracterización da Actividade

Breve descrición da actividade

A actividade consiste na forestación de 61,4879 ha de superficie, ocupadas na actualidade por mato. As especies elixidas son *Castanea x hybrida*, *Prunus avium* e *Pinus sylvestris*.

Distribuiranse durante todo o plan especial, non superando nunca as 15 hectáreas por ano.

Durante o plan especial realizaranse as labores de mantemento silvícolas das masas existentes e das novas, segundo se vaian creando.

Ademais de realizar as labores de roza das redes de xestión de biomasa existentes e a programación de dúas novas áreas de devasa, e dous depósitos contra incendios forestais

Programa funcional

Actuación Ano	Superficie	Actuación-Ano	Superficie
<i>Pinus Sylvestris</i> - 2027	9,83	Roza área devasa - 2024	0,5826
<i>Pinus Sylvestris</i> - 2025	9,4595	Construcción depósito 2022 e 2023	
<i>Prunus avium</i> - 2023	9,0956		
<i>Prunus avium</i> - 2024	6,0123		
<i>Castanea x hybrida</i> - 2022	3,5153		
<i>Pinus Sylvestris</i> - 2022	4,1485		
<i>Pinus Sylvestris</i> - 2024	9,6028		
<i>Pinus Sylvestris</i> - 2028	9,8239		

Características da actuación

- Actividade e usos non construtivos
- Actividades e usos construtivos
- Outros usos e activades
 - Tratamentos silvícolas sobre frondosas e coníferas
 - Rozas para a xestión das faixas de biomasa
 - Traballos para o mantementos das vías forestais existentes.


Imaxes da contorna:



3. Caracterización da paisaxe

Unidade da paisaxe onde se localiza:
Catálogo <input checked="" type="checkbox"/> Vixente <input type="checkbox"/> En trámite
Descrición das características xerais da unidade da paisaxe
<p>O relevo montañoso caracteriza totalmente esta zona, formado por amplos serras de gran altitude, deixando as partes altas e os cordais ao dominio das matogueiras e rochedos, e as partes baixas cunha dedicación agraria, estreitos vales que aproveitan as boas condicións edafolóxica da contorna fluvial.</p> <p>Os núcleos de poboación forman un modelo de asentamento mononuclear moi compacto</p> <p>Incluída na Rede Natura 2000, no Lugar de Importancia Comunitaria "Ancares Courel" que foi declarado Zona de Especial Conservación, e Xeparque "Montañas do Courel"</p>
Servizos e Infraestruturas próximas:
A parcela non garda proximidade con algunha infraestrutura máis aló das pistas forestais que dan servizo ó monte.
Elementos característico da contorna (indicar os seus topónimos)
<ul style="list-style-type: none">Natural (Cursos de auga, vexetación, topografía, fauna...) <p>A zona na actualidade está ocupada por mato, uces e carqueixas fundamentalmente. Nas proximidades atopamos plantacións forestais de <i>Pinus pinaster</i>, <i>Pinus sylvestris</i> e <i>Prunus avium</i>.</p> <ul style="list-style-type: none">Antrópico (construcións, infraestruturas...) <p>Non existen construción nin na parcelas de actuación nis nas súas proximidades.</p>
Relacións:
1. Funcionais: A zona a transformar, unha zona forestal, encontrase lonxe dos núcleos de poboación e das vías de comunicación, accedendo unicamente por pistas forestais.
2. Formais ou estéticas: Abundancia de amplas cuncas visuais e os fondos estéticos supón un valor estético de alta calidade
3. Ecolóxicas Os principais corredores ecolóxicos os cursos de auga e as superficies de mato.

Ámbito (Cunca visual, puntos de observación e rede física):



Síntese da dinámica da paisaxe



4. Caracterización do proxecto

Motivación da necesidade da actuación:

Os montes están obrigados pola súa normativa sectorial a contar con un proxecto de ordenación, para xestionar e planificar a actuación a levar a cabo nos próximos anos.

Unha das actuacións proposto foi a forestación de 61,4879 ha de monte, con esta preténdese por en valor o monte e a súa capacidade produtiva, retomando en beneficios para a comunidade, tanto económicos como sociais e medioambientais.

Análise de Alternativas:

A única alternativa a realización da forestación sería a de non facer nada, dado as características da zona, a súa localización e a escasa poboación que habita no lugar, o uso forestal mediante a produción de madeira é o principal para a comunidade de montes. Pero debese ter en conta que esta masa arborada permitirá un mosaico que intercala a produción de madeira con outros usos, tales como recollida de froitos e usos recreativos, permitindo explotar a capacidade multifuncional dos montes, ademais de optar por frondosas caducifolias.

Descrición do proxecto

As actuacións propostas durante o próximo plan especial son as seguintes:

Forestación de 61,4879 ha mediante as seguintes fases:

- Roza mecánica do mato.
- Apertura mecanizada e puntual dos buratos
- Plantación de planta en contedor
- Traballos de mantemento da novas masas forestais, tales como rozas, reposición de marra, padas....

Nas masas de coníferas existentes realizaranse as labores silvícolas necesarias para o seu correcto mantemento.

Realízase as rozas das faixas de xestión de biomásas e das áreas de devasas.

Deslinda e Amolloamento.

Obxectivos da calidade paisaxística

- Integración e coherencia co entorno da comarca, mediante:
 - o Utilización de especies presentes na zona.
 - o Evitaranse as formas rectilíneas simulando as masas naturais.
 - o Utilización de especies de crecemento lento.
- Conservar e mellorar a paisaxe mediante unha xestión forestal activa

5. Impactos do proxecto

Impactos do proxecto

- Os impactos sensoriais son maioritariamente positivos:
 - o Os impactos visual, o máis significativo de todos, minimízase o integrar as novas masas arbóreas na paisaxe, e aumento a calidade da paisaxe que percibe a poboación.
 - o O impacto sonoro é practicamente nulo, soamente durante os traballos de execución, os cales ten unha duración de días.
- Na actualidade esa zona está en desuso, e redundara en melloras para a Comunidade de Montes (económicas), para a poboación (por en valor o monte como fonte de recursos), e para o medioambiente (aumento dos hábitats).
- Non terá impacto sobre o patrimonio natural ou científico
- Non terá impacto sobre ben de interese cultural nin sobre lugares de interese histórico

PLANOS

Planos

Plano 01. Localización e Situación

Plano 02. Limitación

Plano 03. Unidades da Paisaxe

Plano 04. Fase explotación

PLANOS





Planos

Plano 01. Localización e Situación

Plano 02. Limitación

Plano 03. Unidades da Paisaxe

Plano 04. Fase explotación







XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

INSTITUTO GALLEGO DE INVESTIGACIÓN E PLANIFICACIÓN

FEADER: Europa inviste no rural

Descrición: Estudio de Impacto e Integración Paisaxística da Forestación de 61,4879 ha do MVMC de Montouto Situación: Lugar de Vilarmel - Quiroga (Lug)	Promotor: Comunidade de Motes Veciñais en Man Común de Vilarmel	Plano Nº: 01	Plano de Localización e situación	Escala: Varias	
	Autora: Ana López Álvarez Enxeñeira de Montes. Colexiada nº 4.689 María del Carmen González Feijóo Enxeñeira Técnica Forestal. Colexiada nº 1.263 polo COEFG	Data: 02/2021		Sistema de Coordenadas: ETRS89 UTM ZONE 29N	





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO NATURAL

INICIATIVA DE EMPLEO RURAL

FEADER: Europa inviste no rural

Descrición:	Estudio de Impacto e Integración Paisaxística da Forestación de 61.4879 ha do MVMC de Montouto	Promotor:	Comunidade de Motes Veciñais en Man Común de Vilarmel	Plano N°:	02	Plano de Limitacións	Escala:	Varias		
	Situación:		Lugar de Vilarmel - Quiroga (Lug)		Autora:			Ana López Álvarez Enxeñeira de Montes, Colexiada nº 4.689		María del Carmen González Feijóo Enxeñeira Técnica Forestal, Colexiada nº 1.263 polo COEIFG



Lenda	
Superficie Actuación	
	Superficie de Actuación
	Superficie de Ordenación
	Zona Visible
Unidades da Paisaxe	
	Serras; Matogueira e rochedo; Mesotemperado inferior
	Serras; Matogueira e rochedo; Mesotemperado superior
	Serras; Matogueira e rochedo; Supra e ortemperado
Unidades da Paisaxe por tipo de Cuberta	
	Agrosistema extensivo
	Agrosistema intensivo (mosaico agroforestal)
	Agrosistema intensivo (plantación forestal)
	Agrosistema intensivo (superficie de cultivo)
	Bosque
	Conxunto Histórico
	Extractivo
	Lamina de auga
	Matogueira e rochedo
	Rururbano (diseminado)
	Turbeira
	Urbano
	Viedo



	Descrición: Estudio de Impacto e Integración Paisaxística da Forestación de 61,4879 ha do MVMC de Montouto	Promotor: Comunidade de Motes Veciñais en Man Común de Vilarmel	Plano N°: 03	Plano de Unidades da Paisaxe	Escala: Varias	
	Situación: Lugar de Vilarmel - Quiroga (Lug)	Autora: Ana López Álvarez María del Carmen González Feijóo <small>Enxeñaría de Montes, Colexiada nº 4.689 Enxeñaría Técnica Forestal, Colexiada nº 1.263 polo COEITFG</small>	Data: 02/2021		Sistema de Coordenadas: ETRS89 UTM ZONE 29N	